

O *Diccionario Gallego-Castellano* (1884) de Marcial Valladares

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

RESUMO. Neste artigo invéstigase o maior logro da lexicografía galega do século XIX, o *Diccionario Gallego-Castellano* (1884) de Marcial Valladares, que se convertería en referencia imprescindible para os dicionarios posteriores, en particular os compilados na primeira metade do século XX. Révisanse as circunstancias que rodearon a elaboración e publicación da obra e examínanse de xeito contrastivo os aspectos en que Valladares supera ós seus predecesores (Rodríguez 1863 e Cuveiro 1876). A análise céntrase no número e selección de entradas, na ortografía promovida e nas definicións acollidas.

Palabras clave: Lexicografía, Historiografía, Ortografía, Galego, Rexurdimento.

ABSTRACT. This paper looks at the most important achievement in nineteenth-century Galician lexicography, the *Galician-Castilian Dictionary* edited by Marcial Valladares in 1884. A landmark when first published, this dictionary became a necessary point of reference for all subsequent Galician dictionaries, in particular those compiled in the first half of the twentieth century. The analysis focuses on the number and selection of entries, the orthography and definitions, and reviews the historical circumstances which conditioned the making of the dictionary, contrasting its contents with those previously edited by Rodríguez (1863) and Cuveiro (1876).

Key words: Lexicography, Historiography, Orthography, Galician, Rexurdimento.

1. INTRODUCCIÓN

Na historia da lexicografía galega, o *Diccionario Gallego-Castellano* de Marcial Valladares (1821-1903)¹ representa a obra culminante do século XIX e constitúe unha referencia

Data de aprobación: xullo de 2004.

¹ Pode verse unha ampla información sobre o autor e o resto da súa obra en Fernández Salgado (2002).

inescusable para entender a lexicografía da primeira metade do XX. Precedéranos no tempo dúas obras feitas con certo empeño, o *Diccionario Gallego-Castellano* de Francisco Javier Rodríguez, editado en 1863 por Antonio de la Iglesia na súa *Galicia. Revista Universal*, e o *Diccionario Gallego* de Juan Cuveiro Piñol, publicado en Barcelona en 1876, se ben ambas as dúas foran valoradas como insuficiente e deficiente, respectivamente, por algúns dos seus críticos contemporáneos (Soto Campos 1876, Menéndez Pelayo 1956).

Pola contra, o *Diccionario* de Valladares, tal e como apuntou Carballo Calero (1970: 4), foi considerado “o noso diccionario clásico”. Está na base do gran proxecto de diccionario da Real Academia Galega de principios do século XX, no divulgativo e menos ambicioso do Seminario de Estudos Galegos, na experiencia de lexicografía comercial desenvolta pola editorial Lar e no diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez, varias veces aprazado e publicado postumamente en 1958 (Fernández Salgado 2000: 35 e ss.). Foi o repertorio léxico galego de referencia dos grandes etimólogos e estudiosos da romanística, como Meyer Lübke, Wartburg, Jud, Piel ou Corominas, segundo se desprende das súas observacións bibliográficas (Santamarina 2000: 41). Ademais, e como novidade, incorpora máis de cincocentos exemplos de uso das entradas e case oitocentas cincuenta citas literarias que o converten no primeiro diccionario de autoridades da lexicografía galega (vid. Fernández Salgado 2004).

Certamente, como mostraremos a seguir, o “Diccionario gallego”, como era coñecido o de Valladares, supera ós seus predecesores porque lista maior número de entradas, aumenta a cantidade e calidade das definicións e achega con certa sistematicidade información fónica canto ó timbre das vogais medias <e> e <o>. Referirémonos ó volume publicado en 1884 e non ós varios suplementos e aditamentos que na década seguinte e ata a súa morte en 1903 foi confeccionando con vistas a unha edición ampliada da obra. Estas engádegas xa foron estudadas e editadas por García Ares (s.d.) baixo o título de *Nuevo suplemento al diccionario gallego-castellano publicado en 1884*.

2. ELABORACIÓN E PUBLICACIÓN DA OBRA

O *Diccionario* comezou a publicarse como folletín do xornal compostelán *El Libredón* no mes marzo de 1884². Posteriormente, faríase a edición definitiva nun volume independente, que saíu da Imprenta do Seminario Conciliar Central de Santiago no mes de outubro dese mesmo ano³ con leves modificacións con respecto á primeira no frontispicio, na inclu-

² Na sección de “Variedades” de *El Eco de Galicia* da Habana (97, 4/5/1884) xa se pode ler: “Lo que si hemos recibido por el último correo fué la colección de nuestro colega compostelano El Libredon que estampa en su folletín las primeras páginas del diccionario gallego”.

³ Nunha nota da *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago* (34, 30/11/1884) pode lerse: “El socio Sr. D. Marcial Valladares ha tenido la dignación de enviar con destino á la Biblioteca de nuestra Sociedad, un ejemplar del notable ‘Diccionario gallego-castellano’ que con aplauso de cuantos entienden en achaques literarios, y con laboriosidad digna de loa y premio, acaba de publicar”.

sión dunhas licenzas eclesiásticas, no estilo dalgunhas redaccións do prólogo e coa corrección ortográfica dalgunha entrada (vid. Santamarina 2000: 22)⁴.

Sempre en boas relacións coa Igrexa, e en particular co círculo católico compostelán do que ideoloxicamente se sentía próximo, don Marcial sometería a súa obra a exame e censura eclesiásticos, o resultado do cal sería incluído na segunda tiraxe. O inventario léxico aparece precedido de varios ítems: a solicitude de Valladares ó arcebispo (p. I), asinada do 21 de marzo de 1884, o informe e a licenza (p. III), o “Prólogo” da súa autoría (pp. v-ix) e unhas “Advertencias” ortográficas, tamén redactadas por el, que pretenden facilitar a consulta así como as “Abreviaturas”. Vén logo o corpo principal do *Diccionario*, coas entradas a dobre columna (pp. 1-598), e dous apéndices: un vocabulario de léxico ordinario non incorporado ó corpo principal, baixo o nome de “Suplemento y adiciones” (pp. 599-630), e un “Vocabulario para entender la descripción de algunas plantas, de que se hace mérito en este diccionario, y aun para clasificar otras” (pp. 600-646), que contén tecnicismos de botánica en castelán empregados nas definicións. A listaxe tabulada das erratas máis notables ocupa as dúas derradeiras páxinas do tomo de 4º.

O informe de censura redactado por Antonio López Ferreiro resulta de interese por ser da autoría dun especialista en lingua -tiña unha certa formación filolóxica como paleógrafo- e mais por dar conta en termos verdadeiramente eloxiosos do “notable”, “valioso” e “meditado” traballo levado a cabo polo lexicógrafo ullán. O cóengo da catedral de Santiago non atopa nel nada contrario ás ensinanzas da fe e da moral e destacando o seu valor intrínseco elévao para a súa aprobación á consideración do cardeal Payá, quen o asina o 24 de abril 1884. O texto de López Ferreiro resulta revelador na análise do *Diccionario* por dúas razóns de índole teórica. Por unha parte, achéganos o concepto de lingua subscrito polo censor, que aparece moi poucas veces expresado de forma tan explícita nos textos lingüísticos da época. Por outra, ofrécenos unha definición de “diccionario” que nos conduce de maneira privilexiada ó papel transcendental que parece representar na cultura da época o xénero en que a obra se inscribe. Afirmo no informe que “un diccionario es el inventario de los signos de locución de que dispone un pueblo para expresar sus pensamientos y todas las naciones cultas le guardan y custodian con esmero”. O concepto de lingua ó que aludimos, e que un amante e estudioso das formas populares coma Valladares subscibiría, parte da idea romántica de finais do XVIII, desenvolvida e promovida ó longo do século XIX, que identifica a lingua co pobo que a fala. López Ferreiro escribíao de maneira manifesta no devandito informe:

⁴ Na portada da edición en folletín figura “Biblioteca de El Libredon” e como impreso polo Establecemento Tipográfico do Seminario Conciliar Central. No prólogo da segunda edición un dos cambios, ó meu ver, máis rechamante son as substitucións dos termos “dialecto” e “habla” polo de “lengua” para referirse ó galego. Por outra parte, do proxecto de facer dúas edicións xa informara o propio *El Libredón* (1884) no “Prospecto” publicitario que repartira sobre o dicionario.

Suele decirse, Emmo. Señor, que el estilo es el hombre; y con mayor razón debe sentarse que el lenguaje es el pueblo. En efecto, en el lenguaje vemos reflejadas las costumbres, la índole, las afecciones, los gustos y las aptitudes de cada pueblo. No es esto solo; el lenguaje es como un museo, en donde el arqueólogo, el filólogo, el historiador, el literato y el etnógrafo encontrarán no escasos objetos de estudio.

A analoxía que o estudioso compostelán propugna entre estilo e home, por unha parte, e linguaxe e pobo, por outra, resulta dobremente suxestiva pola transición e síntese que se adiviña entre as ideas procedentes do racionalismo humanista de carácter individual do século XVIII e a tanscendentalización colectiva que se opera nas novas metáforas do XIX. A idea de estilo vulgarizada a través da máxima de Georges Louis Leclerc, conde de Buffon, no seu *Discurso sobre o estilo* de 1753, como unha especie de lingua persoal e distintiva, contrástase de maneira enfática co postulado romántico-nacionalista da lingua como creación anónima, orixinal e colectiva do espírito do pobo, na liña do pensamento de Humboldt ou Schlegel. As titánicas empresas lexicográficas dos grandes dicionarios nacionais iniciados no XIX, coma o *Diccionario Alemán* dos Irmáns Grimm (1854) ou o *Diccionario Inglés* de Murray (o futuro *Oxford English Dictionary* de 1884), participan todas da mesma ideoloxía nacionalista ó tempo que serven de exemplos, e ás veces de modelos, ós máis modestos proxectos lexicográficos emprendidos con similares propósitos e motivacións patrióticas no resto das linguas europeas. Tal e como indica claramente *El Libredón* (1884) no “Prospecto” (referímonos a el despois), a obra de Valladares forma parte dese “afortunado movemento” que se estende por toda Europa e que reivindica, ademais do estudo dos idiomas que falan as nacións detentadoras do saber, a participación dos “dialectos y lenguas regionales, entre las cuales ocupa la gallega uno de los primeros lugares por su respetable antigüedad y especiales condiciones para la versificación”.

O proceso de compilación da obra pode rastrexarse acudindo ó seu prólogo, redactado aparentemente nunha primeira versión en 1869 e reescrito na súa forma definitiva en 1884. O *Diccionario* é, segundo se informa nesas páxinas, o resultado do esforzo de máis de trinta anos de traballo. Non desexando ser tido a menos có primeiro dos dicionaristas galegos, Valladares asegúranos que “desde mil ochocientos cincuenta venimos ocupándonos en tareas parecidas á las del señor Rodríguez”, o que querería dicir, se se ten en conta que o bibliotecario da Universidade de Santiago morre en 1854 e deixa o manuscrito listo para a publicación, que Valladares empezaría a traballar na súa obra a principios da década dos cincuenta⁵. A primeira versión do dicionario estaría rematada e disposta para publicar ó pouco de editarse a *Gramática Gallega* (1868) de Saco Arce e antecedería á maior parte dos grandes logros

⁵ Segundo Pensado (1976: 7), o dicionario de Rodríguez, publicado en 1863, estaría redactado entre o verán de 1850 e 1851. Pola súa parte, Sánchez Palomino (1999: 6) mostra desconfianza ante o dito por Valladares no prólogo sobre as datas de compilación e comenta que “é posible que Valladares quixese apuntar que traballaba no dicionario desde 1850 para poñerse dalgunha maneira en pé de igualdade con Rodríguez”.

literarios do Rexurdimento da segunda metade do século XIX. Iso é o que parece contarnos don Marcial en 1884 no “Prólogo” (p. VIII):

Escrito lo que antecede á poco de publicada la *Gramática gallega*, verdadera gramática ya, del malogrado virtuoso eclesiástico señor Saco Arce y cuando venido no habían aun al mundo de las letras el periódico *Tío Marcos d'a Portela*; las *Poestías* de aquel; *Espiñas, follas é frores*, de Lamas Carvajal; *Saudades*, del mismo autor; *Aires d'a miña terra*, de Curros Enriquez; *Follas Novas*, de la señora Castro de Murguía; *Versos*, de Perez Ballesteros; *Risas y lágrimas*, de Marcos Santos; *Fonte d'o xuramento*, de D. Francisco María de la Iglesia y *Mesa revuelta*, de Barcia Caballero; escrito el 30 de junio de 1869, dando entonces por terminado dicho modestísimo trabajo”.

Polo que sabemos da súa biografía (Fernández Salgado 2002: 74 e ss.), Valladares regresa da súa estada en Zamora en 1850 e ata 1852 permanece relativamente ocioso na súa casa de Vilancosta, polo que quizais foi nesta altura cando comezou a anotar as primeiras palabras, segundo reconece no prólogo, “con esmerado celo en cuantos ócios nos dejaron nuestras ocupaciones, así públicas, como privadas”. Como queira que entre 1852 e 1865 desenvolve unha considerable actividade política e administrativa na Deputación de Pontevedra, o tempo dedicado ó dicionario neste período debeu ser exíguo. Tivo que ser a partir de 1866, tras a súa retirada da vida pública a Vilancosta, con pouco máis de corenta anos, cando cun traballo máis continuado podería ter concluída, en efecto, unha primeira versión da obra tres anos máis tarde. Non obstante, por razóns que non desvela no prólogo, o *Diccionario* permanecerá inédito á espera de novas reformas e adicións. Así, a versión de 1869 con nove mil trescentos vocábulos chegaría quince anos máis tarde ós dez mil seiscientos, amais do vocabulario científico de plantas cunhas duascenas sesenta e nove palabras.

É probable que as dúas fases de elaboración haxa que entendelas no seu xusto medio; é dicir, véndoas como parte dun labor de recolla paciente e demorado, que se inspira e participa de ideas e feitos coetáneos de corte literario e rexionalista, que progresa sen sobresaltos moi a ton coa vida tranquila que leva en Vilancosta. Unha obra feita nestas condicións pode, polas mesmas razóns, languidecer ou ser abandonada temporalmente, ou en ocasións ser animada e esporeada. Isto último é o que ocorre cando ten coñecemento en 1876 da existencia dunha nova obra lexicográfica que responde a moi parecidos propósitos ós que a el o moven na súa particular recolección. Así o sinala no “Prólogo” (p. VIII):

llegó ocho años después á nuestras manos, ó sea en 1876, el diccionario del señor Cuveiro Piñol, obra de que no teníamos el menor conocimiento: ojeámosla con ansiedad, vimos al lado de porción de voces inusitadas, algunas usuales no comprendidas en la nuestra; animámonos con esto á trabajar de nuevo en ella.

Pouco máis se pode engadir das vicisitudes polas que atravesou a elaboración do *Diccionario*, posto que nada se nos conta sobre a súa redacción nas inéditas *Memorias de familia*

que nos legou, e pouco de interese aparece no material que precede ó dicionario propiamente dito, se se deixan á marxe as fontes que lle serviron de base, das cales nos ocuparemos nas seccións referidas ás entradas e definicións.

En contraste coa redacción da obra, que se amosa como froito dunha laboura modesta e calada, a súa publicación amósase ós ollos do historiador moderno relativamente máis transparente. Os feitos poden seguirse nun primeiro momento a través do epistolario do Catedrático de Literatura da Universidade de Santiago Laverde Ruíz con Menéndez Pelayo e posteriormente nas novas aparecidas nos xornais da época. Por varias cartas datadas de 1878 a 1883, sabemos que Laverde mantivo ben informado ó seu discípulo polígrafo sobre o *Diccionario* de Valladares (vid. González-Millán 2003). Nelas parece suxerirse que desde o coñecemento do manuscrito da obra en 1878 Laverde actuou de mediador para que a Real Academia Española (da que era correspondente) mercase o dicionario, adquisición que non se produciu polo pouco diñeiro que a institución lle ofrecía a Valladares. Por iso, en carta datada do 2 de maio de 1879, Menéndez Pelayo indícalle a Laverde que lle transmita ó autor que lle conviría máis “publicar la obra por su cuenta, en cuyo caso podría contar con la protección del Gobierno, y de la Academia, que haría que se tomase buen número de ejemplares” (González-Millán 2003: 23). Non obstante, o coñecemento deste manuscrito serviu para que en 1880, mercé a mediación de Laverde e a proposta do Marqués de Valterra, Valladares fose designado correspondente da Academia (tal e como figura recollido na portada de calquera das dúas edicións do *Diccionario*). Terán que pasar case catro anos desde ese nomeamento para que finalmente, grazas ó empeño que poñen varias persoas alleas á familia, acceda a dar o dicionario ás prensas do Seminario Conciliar⁶. No exemplar de *El Eco de Galicia* do 17 de febreiro de 1884, o semanario que dirixía daquela Álvarez Insua glosaba nos seguintes termos unha carta de Valladares enviada con motivo da súa inminente publicación:

En carta que desde Estrada nos dirige el inspirado poeta y erudito gallego D. Marcial Valladares, comunícanos nuestro amigo que cediendo á ruegos de varias personas se ha decidido al fin á dar publicidad á un *Diccionario Gallego-Castellano*, que hace tiempo confeccionara, si bien jamás pensó saliese de la biblioteca de familia.

Hai nesta presentación da obra concluída as mesmas doses, aparentemente contraditorias, de modestia e orgullo ante a obra rematada, que se desprenden tamén da lectura da introdución da outra súa obra lingüística, *Elementos de Gramática Gallega* (1892). Se debemos ou non crer literalmente a Valladares é materia discutible. O feito de que outras obras súas nunca chegasen a ser dadas ó prelo, ou o fosen varios anos despois de seren escritas, parece

⁶ Entre elas debían figurar as que coñecían a existencia da obra, o folclorista Antonio Machado y Álvarez, o xornalista e rexionalista W. Álvarez Insua e moi especialmente Laverde Ruíz e os membros do círculo rexionalista católico santiagués organizado arredor dos xornais *El Porvenir*, *Galicia Católica* e *El Libredón*, no que finalmente se publicaría a obra.

apuntar na dirección que indican as súas palabras. Máis tamén existen indicios en sentido contrario, que suxiren un Valladares máis consciente do seu traballo, como se adviña do epistolario de Laverde.

A magnitude da obra desvélese a través dos comentarios e publicidade que lle fixeron nos xornais da época. O 3 de xaneiro de 1884, a redacción e administración de *El Libredón* adiantaba o “Prospecto” no que publicitaba a aparición e as características do dicionario, probablemente seguindo as indicacións do autor, como “el más completo hasta el día”, xa que contiña de “11 á 12.000 voces”. O contido do “Prospecto”, que reproducimos no apéndice dado o valor histórico que posúe como proba da atmosfera intelectual en que se compila e edita a obra, poderíamos resumilo nos seguintes puntos:

- 1) Prométese trala publicación do folletín unha edición do dicionario en tiraxe de luxo.
- 2) Recoñécese o liderado de Alemaña nos estudos filolóxicos e lingüísticos.
- 3) Identifícase, seguindo a liña romántica xa mencionada, a sorte das linguas coa dos pobos que as usan, de maneira que a perfección e progreso de ambos irían irremediabilmente unidos e o cultivo do idioma podería ser precursor dunha época máis feliz para o país.
- 4) Xustifícase o dicionario como ferramenta de coñecemento e como auxiliar importante para os escritores galegos; será unha obra de interese non só para Galicia e as súas colonias de América, senón para a Academia española e os estudiosos estranxeiros, entre os que se volven destacar os alemáns.
- 5) Gábase o galego como lingua admirable, rica, sonora e antiquísima.
- 6) Infórmase, finalmente, acerca dos prezos e condicións de subscrición.

Ó longo de 1884, varios xornais e revistas fixéronse eco do desenvolvemento da edición do “magnífico Dicionario Gallego”. Un dos que o fixo máis habitualmente foi *El Eco de Galicia* da Habana⁷, que mesmo no exemplar do 14 de decembro de 1884 publicou unha recensión laudatoria do seu director Álvarez Insua (1884), na cal expresaba o desexo de que “ahora que tenemos un completo y extenso *Diccionario*, que se organice la Academia Gallega” para que dite regras e preceptos polos que se poidan rexer os que escriben en galego. Tamén Soto Campos (1884) lle dedicou unhas columnas no pontevedrés *El Anunciador*, nas que destacaba que o novo dicionario superaba en moito ó de Cuveiro, definido por el como “muy incompleto” e bastante “salpicado de *herejías*” (Soto Campos 1877). Co de Valladares, pola contra, sinala que a literatura rexional pasa a contar “con una producción más, tan importante que viene, siquiera no sea por completo, á satisfacer una necesidad sentida por todos los

⁷ Atopamos algunha referencia a el en exemplares dos días 17/2/1884, 2/3/1884, 9/3/1884, 4/5/1884, 23/11/1884, 7/12/1884, 22/3/1884, 12/4/1885, 19/4/1885, 2/5/1885, 2/8/1885, 16/8/1885.

que amamos nuestra armoniosa lengua”. Así e todo, segundo Soto, compartía co de Cuveiro o “lunar” ortográfico de usar as grafías <g, j, x> para representar o fonema /ʃ/. Anos máis tarde, en 1887, sería Menéndez Pelayo (1956) quen a petición da Academia Española informase favorablemente sobre o *Diccionario*, recoñecendo os meritorios servizos filolóxicos que podía prestar por recoller “un nuevo léxico, enteramente gallego” tomado dos labios do vulgo. Non obstante, no informe aludía tamén a algunhas carencias, coma as de non localizar as voces, non dar o étimo das palabras nin os derivados noutras linguas e dialectos⁸.

3. AS ENTRADAS

A evolución do *Diccionario* de Valladares en relación ás dúas obras lexicográficas galegas anteriores maniféstase no número e selección de entradas, así como noutros aspectos de carácter cualitativo ós que nos referiremos nos subapartados que seguen.

3.1. Número e selección

A primeira persoa que nos informa do número de voces que inclúe a obra é o propio Valladares, cando se refire no “Prólogo” (p. ix) á súa función de rexistrador e salvador momentáneo do que ve que se esvae polas continxencias dunha época na que se están dando cambios e transformacións sociais radicais:

nos atrevemos á publicar, más de diez mil seiscientos vocablos, cuatrocientos sesenta refranes, proverbios y decires, fragmentos poéticos de que arriba hablamos y doscientas cuarenta y dos cantigas que á la moral no ofenden y patentizan la suavidad, delicadeza y hermosura de nuestro dialecto, próximo, acaso, á desaparecer entre el humo de las locomotoras, ó á ser lastimosamente adulterado, efecto de la emigración y otras circunstancias no aquí del caso.

A actitude do autor é a de quen non pode facer máis que, como testemuña estoica, deixar constancia de canto de bo aínda existe ó seu arredor, pero que posiblemente non perdurará no futuro máis inmediato. É a mesma, en definitiva, que amosa como compilador de literatura popular que se pode ler no texto que precede ó volume manuscrito de 1867 do *Cantigueiro popular* (vid. Fernández Salgado 2002: 184-186).

A cantidade de entre 11.000 a 12.000 voces repítese en varias das publicacións periódicas da época que toman como referencia o “Prospecto” editado por *El Libredón*. Noutras ocasións as cifras proveñen directamente do prólogo, o caso da publicidade contida en *El Eco de*

⁸ Respecto disto, xa Alonso Montero (1970) indicou a imposibilidade de levar a cabo o programa suxerido por Menéndez Pelayo, alleos como eran naquela altura o propio autor e mais a Universidade galega ós estudos de filoloxía románica que estaban a realizar Diez ou Meyer-Lübke.

Galicia da Habana (12/4/1885), onde se recolle case literalmente a citación do autor. Sexan 11.000 ou máis de 16.000, como apuntou recentemente Santamarina (2000: 23), do que non hai dúbida é de que o *Diccionario* de Valladares inventaría un número de lemas respectable. Supera con moito as arredor de 4.000 de Rodríguez e iguala ou supera levemente, segundo as contaxes, as de Cuveiro. As estimacións e cómputos feitos en relación cos dicionarios que aquí contrastamos son os que seguen⁹:

Nº DE ENTRADAS NOS DICCIONARIOS DECIMONÓNICOS GALEGOS

	O propio autor	Pensado (1976)	Fdez. Salgado (2000)	Santamarina (2000)
Rodríguez (1863)	4.100	3.851	3.960	3.859
Cuveiro (1876)	-----	-----	9.900	10.943
Valladares (1884)	10.600	-----	12.765	16.082

En calquera caso, a densidade léxica de entradas, tal e como Fernández Salgado (2000: 239 e ss.) demostra nas calas feitas nas letras e <g>, resulta sempre maior en Valladares ca en Cuveiro. No mesmo treito da letra , onde Cuveiro recolle 29 entradas, Valladares rexistra 37; na letra <g>, onde Cuveiro ten 75, Valladares introduce 114.

A macroestrutura da obra de Valladares resulta, xa que logo, orixinal en máis dun sentido con relación ós seus predecesores, a pesar de que é evidente que o noso autor “papeletizou”, como afirma Santamarina (1974, 2000), os dous dicionaristas anteriores (sobre todo a Rodríguez). Non debe pensarse, con todo, que a integración do léxico de obras precedentes é característica exclusiva ou definitoria da nosa tradición lexicográfica con relación a outras tradicións lingüísticas, senón máis ben todo o contrario¹⁰. A débeda cos lexicógrafos que o precederan recoñece Valladares, quen, nun alarde de honradez académica, revisa e describe no “Prólogo” as fontes de que se serve e anota o número de voces que contiñan ou utiliza. As obras que menciona son as seguintes:

- 1) o *Diccionario Gallego-Castellano* de 1863, do que era autor o bibliotecario da Universidade de Santiago Francisco Javier Rodríguez, editado postumamente por Antonio de la Iglesia González e composto por máis de “cuatro mil trescientas voces”;

⁹ A contaxe de Pensado é manual e responde a entradas. A de Fernández Salgado, que se corresponde coas estimacións aproximadas recollidas na súa tese de doutoramento (1996), responde a “headwords”. A de Santamarina é mecánica e por tanto exacta, aínda que temos a dúbida de se esta cantidade se refire ó número de voces do seu *Diccionario de Dicionarios*, onde se contan como diferentes todas as variantes dunha mesma entrada do Valladares orixinal. Sánchez Palomino (1999: 20) asume as 10.600 que se refiren no prólogo e conta 269 entradas no léxico relativo ás plantas do apéndice final da obra.

¹⁰ O desenvolvemento da lexicografía lingüística pode verse en Landau (1984). Obviamente, a asunción de obras anteriores implica, se se actúa sen a debida actitude crítica, o risco de transmitir tantos acertos ou erros como haxa na obra que se toma como fonte. Pensado (1976) estudou en detalle os erros lexicográficos transmitidos en relación co primeiro dos dicionarios galegos do XIX.

- 2) o glosario de *Cantares Gallegos* de 1863 da “iraflaviana poetisa” Rosalía de Castro de Murguía, que contiña “doscientas oito voces” (aínda que realmente era obra de Murguía);
- 3) o vocabulario do *Compêndio da Gramática Gallega-Castellana* de 1864, do santiagués Francisco Mirás, que constaba dunhas “cuatrocentas e tantas voces”;
- 4) o *Diccionario Gallego* de 1876, do coruñés Juan Cuveiro Piñol, tamén bilingüe, de quen di copiar “de las en uso, unas doscientas”;
- 5) finalmente, reconece e agradece amablemente as cen voces “espontaneamente facilitadas por el buenísimo señor don Gumersindo Laverde Ruíz”.

Os criterios que empregou para incluír ou excluír palabras das obras anteriores enunciounos Sánchez Palomino (1999: 17), quen, seguindo o “Prólogo” de Valladares, propón tres operacións no proceso de integración dos dicionarios anteriores:

- 1) Eliminar as formas que evidenciaban fenómenos da fala popular, que Valladares consideraba rústicos e groseiros, como a gheada e o seseo.
- 2) Non dar cabida ós topónimos, como fixera Rodríguez.
- 3) Primar as voces usuais fronte ás inusitadas e arcaísmos.

Aínda que certamente no “Prólogo” se realiza unha serie de afirmacións taxativas, aceptalas sen confrontalas coa praxe real do lexicógrafo ullán podería inducir a unha visión do *Diccionario* que non se corresponde totalmente co que nel se encontra. En relación coa primeira operación, é certo que Valladares, tanto neste “Prólogo” (p. vi) coma noutras obras, expresou abertamente os seus prexuízos contra a gheada; pero isto non significa, como se podería malentender da primeira afirmación de Sánchez Palomino, que Valladares “elimine” ou rexeite as palabras que encontra con gheada en Mirás. Valladares rexeita a representación da gheada (sobre todo porque emprega a grafía <j> que el reclama como representación de /ʃ/), mais non a variante representada pola ortografía máis convencional do galego. É neste sentido como pode dicirse que é a simple adaptación ortográfica a que lles concede ás palabras a verdadeira carta de natureza dentro da estrutura do dicionario. O máis normal é que, cando o autor pode confrontar a voz con gheada coa do español, a grafía que lle adxudica sexa o <g>. Rexístranse, non obstante, algúns casos de adaptación ou manipulación fonética, coma en PALLAREJA por “pallarega” [paʎa'reɣa], se ben poida que fose copiada tal cal de Rodríguez. A análise e comparación do treito que vai das letras A a F no glosario de Mirás coas entradas parónimas da obra de Valladares permite concluír que a gran maioría das palabras que se rexistran con gheada recolleunas coa modificación gráfica correspondente en <g>¹¹. As únicas

¹¹ O “achejarse” de Mirás pasa como ACHEGARSE a Valladares, “ajulla” como AGULLA, “auja” como AUGA, “bajuas” como BÁGUA/BÁGOA/BÁGOAS, “cantija” como CÁNTIGA, “cóbrega” como CÓBREGA, “emprejo” como EMPREGO, “esjanar” como ESGANAR e “esjumiado” como ESGUMIADO. O caso de “adredo” (derivado quizais dun hipotético *ATRICULU) merece comentario á parte. Non é posible dicir se hai que interpretala como forma con gheada “adrego” ou como forma derivada de matiz diminutivo despectivo, “adrexo” (*adro+exo*). Esta última foi a interpretación de Valladares ó lematizala como ADREJO (“adrexo” tamén en Cuveiro).

voces que non pasan de Mirás a Valladares son palabras que posiblemente a este lle pareceron malsoantes ou de mal gusto, como pode ser o caso de “berjallán” (mod. *vergallán*), “cujote” (mod. *cogote*) e “bixijas” (mod. *vexigas*), ou identificadas co castelán, como “ajinaldo” e “barrija”. Canto ás palabras con seseo, o outro fenómeno que Valladares condena no mesmo parágrafo do “Prólogo”, son incorporadas coa modificación gráfica en <z>¹².

Se o criterio 1) parece inferirse dos comentarios que o propio autor fai no prólogo respecto da obra de Mirás, o criterio 2) dedúcese da crítica que realiza sobre as preferencias lexicográficas que advirte en Rodríguez. Nesta ocasión o Valladares lexicógrafo non ve ben a inclusión de topónimos como entradas ordinarias, máis propios, segundo el, dun “diccionario geográfico”. O seu, en conformidade co que predica, non contén ningún, aínda que curiosamente non omite nin antroponimos nin os seus diminutivos (s.v. AGUADELUPE, ANDRESA, ANDRESIÑA, ANDRUCO, CATUJIÑA, CATUJA, JACINTO, JACOBÉ, JAN, JOANA, JOANIÑA, JULIA, JUSTO, LOCAYA...), nin apelidos de familia (s.v. PARCEIRO, PAZOS, VALADO...).

Finalmente, o criterio 3) queda patente na selección con que di operar sobre o dicionario precedente. Cuveiro sentía debilidade polas formas antigas, xustamente o contrario no que Valladares está interesado: a lingua actual e as voces usuais, tal como indica no “Prólogo” (p. VIII):

vimos al lado de porción de voces inusitadas, algunas usuales no comprendidas en la nuestra; animámonos con esto á trabajar de nuevo en ella y, utilizando de la del señor Cuveiro, más que lo muy antiguo, lo necesario, ó de actualidad, prescindimos casi de las inusitadas y copiamos de las en uso unas doscientas.

Se isto é así, é dicir, se realmente só tomou emprastadas 200 voces dunhas 9.000 ou 10.000 que ten o dicionario, podemos investigalo confrontando unha secuencia da obra de Cuveiro coa mesma do noso autor. Fernández Salgado (2000) fixo este mesmo exercicio co fin de observar a transmisión do dicionario de Rodríguez (1863) ó de Carré (1928). No treito por el analizado (BEIZON-BERGAMOTA), Valladares contén 37 entradas que, en termos absolutos, suman 8 entradas máis ca Cuveiro. Non obstante, a orixinalidade do seu dicionario con respecto ó anterior vese máis claramente se se ten en conta que nesa secuencia Valladares insire 23 palabras que non se corresponden coas 29 de Cuveiro. Desas 29 só 10 (é dicir, aproximadamente a terceira parte), poderían ser préstamos potenciais ó coincidiren nos dous dicionarios. Se extrapolamos estes resultados, hipoteticamente é posible que Valladares puidese obter de Cuveiro sobre uns tres mil ítems. Así e todo, de que son dous dicionarios netamente dispares é boa mostra o feito de que as palabras que Valladares renuncia a recoller

¹² No mesmo treito de A a F de Mirás, “atraisoado” pasa a ATRAIZOADO, “denosiña” a DENOCIÑA, “dose” a DOCE e “empeitiso” a EMPETIZO. Non obstante, Valladares mantén unha actitude máis permisiva e matizada co seseo do que coa gheada, pois o seseo implosivo é admitido por el como normal. Así lematiza as voces ANDALUS, CRUS, DÈS, LUS, PAS, RAPÁS, VALIDÉS, VES...

de Cuveiro superan as que teñen en común: 12 entradas. Curiosamente, 4 delas son voces arcaicas ou obsoletas que confirman a aserción feita no “Prólogo” de que non lle interesaban realmente as “voces inusitadas”. Co afán de confirmar ou desmentir estas conclusións, decidimos replicar o exercicio cunha mostra distinta escollida aleatoriamente. O noso exame centrouse nas primeiras palabras da letra V, no treito de “vaa” a “vaqueiro” no dicionario de Cuveiro. Os resultados, como se pode comprobar na táboa seguinte, non son moi distintos dos xa comentados por Fernández Salgado (2000).

COMPARACIÓN DA PRESENZA DE ARCAÍSMOS E VOCES COMÚNS

	Cuveiro (1876)	Valladares (1884)
Entradas examinadas (“vaa-vaqueiro”)	40	58
Arcaísmos	10	0
Voces comúns co castelán	3	9

O de Valladares supera en 18 entradas a Cuveiro. As palabras compartidas polos dous dicionarios son 15, do que se deduce que supoñen algo máis dun terzo da obra de Cuveiro, pero aproximadamente só unha cuarta parte das entradas de Valladares. As de Cuveiro e Valladares son obras que comparten moi pouco vocabulario. As novas entradas en Valladares con respecto ó seu predecesor son maioría no seu dicionario: 43 na secuencia analizada. En todo caso, grazas ó que podería denominarse erros de transmisión, sabemos que Valladares si tomou emprestadas algunhas daquelas 15 voces que teñen en común. Cuveiro non ten reparos en introducir no seu dicionario formas verbais distintas do infinitivo como “Vaa - ant.” (presente de subxuntivo do verbo “ir”), “Vala - ant.” e “Valla” (presentes de subxuntivo de “valer”), “Valera” (pluscuamperfecto de indicativo de “valer”), e “Valéu” e “Valíu” traducidos como “valió (se pone esta voz para hacer notar la variante de valéu)”, ambos perfectos de indicativo de “Valer”. Valladares, pola contra, seguindo un criterio lexicográfico máis rigoroso, móstrase xeralmente refractario a incluílas. Con todo, no proceso de papeletización (no sentido de Santamarina) acabará por deixarse levar acriticamente das súas fontes (fosen estas Rodríguez ou Cuveiro), como pode verse cando transcribe case literalmente a entrada “valera” e a referencia que tamén Cuveiro xa “copiara” do seu antecesor:

Rodríguez (1863)	Cuveiro (1876)	Valladares (1884)
Valera. 1º Eitos.	Valera - V. <i>Eito</i> - «valêra máis,» valiera mas, etc.	VALERA. V. Eito.

Cando un decide saber qué hai dentro do artigo de “eito” ou “eitos” que nos poida interesar en relación con “valera” compróbase que tanto Cuveiro coma Rodríguez esqueceron completar a referencia prometida, exactamente o mesmo que lle pasou a Valladares que copiou a entrada (semella que de Cuveiro) e non advertiu a incongruencia dos seus dous predecesores.

Como queira que fose, as diferenzas entre os vocabularios seleccionados por Cuveiro e Valladares son máis rechamantes cá simple anécdota desta similitude. Cuveiro, como se viu, aumenta o número de entradas con formas verbais que presentan anomalías morfolóxicas pero, sobre todo, de maneira moito máis sistemática, recollendo voces antigas. Pódese comprobar no treito examinado, onde aparecen nada menos ca 10 palabras marcadas con esa etiqueta; é dicir, unha de cada catro palabras incluídas. En contraste con esta paixón polo antigo e desusado, Valladares convértese na súa obra en adañ da lingua viva e popular e en consciente rexistrador da lingua máis usual e ordinaria, incluída a familiar e moitas veces a coloquial. El prefire as voces galegas máis comúns e os xiros idiomáticos dos seus paisanos ó insólito dos topónimos e das vellas palabras e así o fai saber no “Prólogo” (p. vii):

en su lugar, introducimos algunas familiares y casi inusitadas en el habla de Castilla, pero muy comunes entre nuestros labradores; señalamos, entre las gallegas, aquellas que, no obstante pasar por tales en Galicia, figuran como anticuadas en castellanos diccionarios; y, con cuantas, además, día tras día acopió una incesante perseverancia.

Na secuencia analizada da letra V, das 58 formas presentes, Valladares inclúe 9 marcadas coa etiqueta “com.”, abreviatura que debe lerse, segundo el mesmo indica nas follas de presentación, como “que lo mismo significa, lo mismo se escribe y pronuncia en gallego que en castellano”. Por tanto, cando unha de cada sete palabras leva esa etiqueta, non pode dicirse que os prexuízos que subxacen na obra de Valladares sexan precisamente os das ideas diferencialistas que dominarán a lingua literaria e a lexicografía no século XX, ata a década de 1980¹³. En relación cos dicionaristas anteriores, e en particular con Cuveiro, a de Valladares é unha nova actitude que adianta o procedemento seguido polo próximo gran dicionario da lexicografía galega, o da Real Academia Galega, no que se contén sen discriminación o conxunto do vocabulario galego. En Cuveiro, das 40 entradas da secuencia examinada, só 4 (un arcaísmo e tres voces eruditas de botánica), é dicir unha de cada dez, se corresponde formal e/ou semanticamente co castelán. Neste punto, non deberíamos esquecer cál é o xénero en que se inscriben todos os nosos dicionarios do século XIX (bilingües galego-castelán), os fins que perseguen (ser útiles) e a cultura que presupoñen dos seus usuarios (alfabetización e formación en castelán). Xa que logo, as voces comúns co castelán resultaban pouco interesantes para usuarios que coñecían e tiñan posibilidade de consultalas noutros dicionarios.

¹³ Sánchez Palomino (1999: 18) defende, aínda que mainamente, o contrario do que nós postulamos ó afirmar que “Valladares activa en certo modo o criterio diferencialista, presente en maior ou menor medida na lexicografía galega desde o primeiro dicionario”. Así e todo, a seguir vese obrigada a conceder que tamén o “desactiva” ó recoller voces partilladas co castelán: “A pesar do dito ata aquí, Valladares non rexeita de todo a inclusión de voces comúns co castelán. Polo contrario abre a man, a determinadas palabras [...] sen que saibamos moi ben o motivo (quizais o feito de pertencer a campos semánticos concretos)”. Sobre os artigos do *Diccionario* de Valladares coa marca “com.” con respecto ó dicionario da Academia española pode verse González Orejón (2000).

Valladares procede, pois, de maneira orixinal con respecto ó que ata el se fixera ó incluír palabras ou acepcións comúns co castelán. Máis do que por simple diferencialismo, isto debe verse á luz da pertinacia de moitos lexicógrafos por rexistrar o maior número de voces e facer do seu catálogo o máis completo posible dentro de limitacións sempre difíciles de fixar. Na secuencia analizada, as restricións semellan un tanto aleatorias. Seguindo ós dicionarios anteriores, non lles dá cabida, por exemplo, a *vaca* (pero si a VAQUEIRO e VAQUEIRIÑO) nin a *vacilar* (pero si a VACILAZÓN) nin a *vadear* (pero si a VAO) nin a *valer* (pero si á forma inventada VALLER refeita sobre “vallo”, e ó VALERA apañado de Cuveiro), porque son aparentemente formas pouco rendibles ou interesantes ó seren idénticas nas dúas linguas¹⁴. Non obstante, introduce a marca xa mencionada (“com.”) para palabras que seguen sendo aínda hoxe ordinarias no galego corrente, coma VAGAMUNDO, VAGAR, VAGAZO -que refire para BAGAZO-, VAGO -que remite para BAGO-, VAL, VALE, VALÍA, VALIDAR e VALOR.

3.2. A ortografía

Ademais de na cantidade e selección, os lemas do *Diccionario* de Valladares diferéncianse dos das dúas obras anteriores na ortografía empregada. Foi esta, segundo confesa no prólogo de *Elementos de Gramática Gallega* (1892: 9), unha das razóns que o impulsaron a estudar e argumentar a súa proposta gráfica para o galego, tanto nos artigos que publica en vida: “Del apóstrofo en la escritura gallega” (1876), “Escritura gallega” (1888a) e “Una reflexión” (1888b), coma na propia gramática que deixa inédita. Consciente da vacilación ortográfica en que se moven os escritores do momento que se serven do galego nesta altura, Valladares considera preciso incluír unha serie de aclaracións co fin de facilitar a consulta do seu *Diccionario*. As “Advertencias” que preceden ás entradas atinguen ós catro puntos principais en que a ortografía do galego se mostraba máis arbitraria ó diverxeren a pronuncia e a súa representación; isto é, o uso de <g, j, x>, de <h>, de <c, z> e de <b, v>. A maiores, aínda que non aparece mencionado, referirémonos ó uso peculiar que fai dos acentos.

3.2.1. Uso de <g, j, x>

As dúas primeiras advertencias de Valladares sobre a pronuncia de <g, j, x> deben entenderse no contexto da disputa ortográfica que, catro anos despois de ser publicado o *Diccionario*, acabará enfrontando abertamente a distintas personalidades do movemento literario ligado ó rexionalismo, dividíndose entre equistas ou simplificadores e etimoloxistas (vid. Hermida 1987).

¹⁴ No caso de “vacilar” e “vadear”, cultismos entrados probablemente a través do español, podería pensarse que Valladares as consideraba non galegas e innecesarias.

A proposta e praxe valladariana neste e nos outros aspectos ortográficos xa foi analizada por nós noutro lugar (vid. Fernández Salgado 2002: 357-501), polo que simplemente nos limitaremos aquí a enunciala *grosso modo*. Valladares (1888a: 268; 1892:18-19) propón para a representación do fricativo palatal xordo, /ʃ/, o uso dos grafemas etimolóxicos <j, g, x>, pero non conforme ó étimo latino senón ó uso gráfico da palabra parónima no castelán (e en harmonía coas outras linguas románicas). Así, empregará <g^{te:i}> e <j> se o levan as voces correspondentes desa lingua e <x> para as que en español se grafan con <s> e mais para certos casos dubidosos. De aí as “Advertencias” no *Diccionario* sobre a súa pronuncia:

La letra g, seguida de las vocales e i, no se pronuncia fuerte, como en castellano, ni suave, como seguida de las vocales a o u, y sí como en francés, ó como los gallegos la pronunciamos en las voces *gerner, ginea*; pronunciación que solo de viva voz se puede percibir y aprender.

Lo mismo sucede con la j y la x, seguidas, no ya solo de las vocales e i, sino tambien de las otras tres a o u. Por ejemplo: *Jan, Jepe, jiba, joubá, juizo; Xarda, xeva, xinixioso, xorda, xufre*.

Como a súa proposta leva a posibilidade de confusión na pronuncia das palabras galegas coas respectivas formas homónimas do castelán, o editor, inspirándose probablemente no dicionario de Cuveiro, aínda tomou unha última decisión no sentido de engadir un signo diacrítico máis, <˘>, que permitise discriminar con rapidez as dúas linguas e facer máis doada a lectura correcta. Non obstante, a diferenza de Cuveiro, Valladares empregará o diacrítico tamén derriba do iota, mais só cando existe posibilidade de confusión (en tanto que Cuveiro o utilizaba de maneira sistemática en todas as palabras). En consecuencia, esta especie de marca recordatoria aparece sobre o <g> (seguido de e, i) e sobre o <j> (seguido de calquera vogal), cando se trata de voces galegas que se escriben igual ca en castelán, pero que é preciso pronunciar á galega como /ʃ/¹⁵.

Co fin de saber se as grafías usadas responden ós criterios enunciados por el e mais para coñecer a sistematicidade con que se serve do <g, j, x> e os seus diacríticos, examinamos as dez primeiras entradas do *Diccionario* das secuencias <ge- e ġe->, logo as de <ja-, je-> e <ĵa-, ĵe->¹⁶ e, por último, as de <xa-, xe-> e comparámolas coas usadas nos dicionarios de Rodríguez e Cuveiro, coas usuais nos parónimos casteláns e portugueses e mais coa posible etimoloxía da que proceden. As conclusións xerais son as seguintes.

¹⁵ Nos primeiros textos galegos oitocentistas existen tamén exemplos de uso de diacríticos para a representación desta palatal. Mariño Paz (1991: 171-172) rexistra ademais de <x>, <x[˘]> (cun acento circunflexo colocado sobre a vogal seguinte) e, ocasionalmente, <x> con acento grave ou agudo (<x̀/ <x́>) ou cun punto sobre a vogal seguinte <x̣>.

¹⁶ Coa secuencia <ĵe> só existía unha entrada (JESUS) de maneira que introducimos, as primeiras catro que aparecían con <ĵ> seguido de calquera vogal. Foron: *jiba, jo, joroba, jorobadura*.

Nas palabras coa secuencia <ġe-> (ġELO, ġEMA, ġENCIANA, ġENEROSIA, ġENIO), Valladares parece tomar o castelán como modelo e de feito hipercaracterizaas lingüisticamente a través do diacrítico; tamén así consegue a harmonía co portugués e co étimo¹⁷. Non existe a guía do español, en cambio, para as de <ge-> (GEBÁ, GEIRA, GEIREAR, GEITENIÑO, GEITIÑO), de modo que o autor segue neste caso a Rodríguez, a quen debeu utilizar como fonte na primeira fase da compilación, asumindo aparentemente a tradición da escrita galega medieval, onde se documentan *geira* (s. XVI) e *geito* (s. XIII), fronte ás formas con <j> habituais do portugués. Lémbrese que a obra de Rodríguez fora editada polo “etimoloxista” A. de la Iglesia.

Mentres que <g> só se usaba co valor de palatal diante de *e* e *i*, o <j> podía ser usada diante de todas as vogais, e esta foi posiblemente a razón pola que Valladares acabará por darlle un uso preferente, tanto sobre <x> coma sobre <g> nos seus escritos. En todo caso, no treito escollido de <ja-, je-> (JABRE, JABREIRA, JABREIRO, JABRON, JABRONEIRA; JÈPE, JÈPIÑO, JÈROME, JÈROMIÑO, JEROMO) é principalmente a Rodríguez, cando alí se documentan, a quen de novo Valladares parece aceptar como guía autorizada (e iso, a pesar de que, por exemplo, etimoloxicamente a JABRE na acepción de “pedra que non cede á eixada pero si á picaraña” lle corresponde a grafía <x>). En cambio, non lle serve Cuveiro nas outras que podería ter tomado del. Este lista tanto as formas con <j> coma con <x> (isto é, “jabre, xabre, xiabre”, “jabron, xabron, xabon”, “Jepe, Xepe”, “Jerome, Jerómino, Xeromo”...), pero as secundarias con <x> non encontran nunca acolida en Valladares. Ante a dúbida, o ullán prefere neses casos lematizar unicamente coa grafía parónima do castelán.

No caso da serie do iota coroado, <ĵ> (ĴA, ĴACINTO, ĴARAMUGO, ĴARÒPAR, ĴARÒPE, ĴESÚS, ĴIBA, ĴÒ, ĴOROBÁ, ĴOROBADURA) a conclusión é similar á apuntada anteriormente. No caso do adverbio ĴA, que herda tanto de Rodríguez coma de Cuveiro, o único que fai é adotar a grafía tradicional maioritaria no galego medieval asumida a partir do latín. Nos outros casos, o castelán podía ser empregado como modelo: reforma o “xaramuxo” de Cuveiro (forma con posible pseudogaleguización da gheada), asumindo o <j> do parónimo castelán (“jaramugo”); identifica facilmente ĴARÒPE co español “jarabe”; e acepta o castelanismo ĴOROBÁ, coa obrigada adaptación fonética e descendencia morfolóxica ĴOROBADURA. En ĴIBA ‘chepa’, con grafía non etimolóxica (lat. *gibba*), parece non identificala coa correspondente castelá “giba”, senón que se deixa arrastrar da referida ó molusco, “jibia”. A súa preferencia por <j> é perceptible no caso da interxección ĴÒ: desbota a variante con <x> de Rodríguez e opta por <j>, contradicindo a súa regra de representar con <x> as palabras con <s> do español (“so”), semellando seguir a primeira das variantes recollidas por Cuveiro, “jó”, que se confirma ó comprobar que a definición coincide.

¹⁷ Así e todo, ġELO e ġENEROSIA parece adaptalas de Cuveiro, onde figuran como “(ant.)”. Ningunha delas figura en Rodríguez.

Se ós lemas con <j> incorpora algún que debería ir grafado con <x>, por regra xeral ó <x> non reintegra formas que contradigan claramente o criterio defendido na súa proposta ortográfica. Os casos analizados de <xa-, xe-> correspóndense ou ben con palabras que levan <s> en español, os casos de XARAMPELO, XARAMPON (cast. *sarampion*) XARDA (cast. *sarda*), XARXA (cast. *salvia*), XEVA (cast. *selva*); ou, de dubidosa adscripción etimolóxica, o caso de XARRÈ, ‘voz para que anden as ovelas’, XENA ‘cabra’, XENOS ‘brotes’ e mais de XANOTA ‘muller delgada’. A forma de XÈRJO é congruente na inicial con “Sergio” e no <j>, coa pronuncia máis popular que tende a absorber na fricativa prepalatal xorda a vogal palatal que a segue (cfr. COLEJO “colexio”); o seu diminutivo XÈRJIÑO mantén a grafía da base.

3.2.2. *Uso de <c, z>*

Os outros tres puntos das “Advertencias” fan referencia ó uso de grafías inmotivadas foneticamente. No caso de <c> e <z> con valor interdental, Valladares subscribe, por regra xeral, as regras da ortografía convencional do castelán pola que <c> se emprega diante de <e, i> e <z> diante de <a, o, u>. Contradecendo a representación do seseo implorivo, que Valladares rexistra de maneira sistemática en todas as entradas con <-s> e non con <-z> (por asumir que é a pronuncia máis normal do galego), a única particularidade que presenta o *Diccionario* é a ocasional regularización gráfica en <-z-> que parece pretendese entre os lemas das voces primitivas e os das derivadas. Este uso ortográfico pode deberse a un simple erro ou descoido ortográfico do lexicógrafo (levado por analoxías de variado matiz), ou máis ben ó intento de manter a unidade gráfica de familias léxicas separadas por unha ortografía arbitraria que distingue entre <ce, ci> e <za, zo, zu>. A aparente sistematicidade pode verse nos dous exemplos seguintes de familias ou series léxicas de FEITIZO e RAPÁS (o destaque en cursiva nos exemplos é noso):

FEITIZO, FEITIZAR, FEITIZADO, FEITIZADOR, FEITIZERÍA, FEITIZEIRO, FEITIZIO.
RAPÁS, RAPAZA, RAPAZADA, RAPAZALLADA, RAPAZEIRÍA, RPAZIÑA

Outros casos esporádicos de preferencia por <ze-> <zi-> fronte ás formas convencionais encontran a súa xustificación nos equivalentes casteláns de igual grafía (o caso de ZIZAÑA e os derivados de ZELOS), na regularización dos derivados da familia léxica (ZÈLMOSO, ZÈLUTO, ZIZAÑAR, etc.) ou en formas analóxicas: ZIS ZAS (de *zis* con *zas*) e ZELME (co cast. “zumo” e gal. ZUME, tamén no dicionario, onde se engade: “V. además ZÈLME”). Outros casos son ZEA, ZELIGRAS, ZIRIGALLA, ZIRIGAÑA.

3.2.3. *Uso do <h>*

O uso do <h> no *Diccionario* segue, en grandes liñas, as convencións da ortografía da Real Academia Española, que en xeral é respectuosa coa ortografía latina. Con <h> etimo-

lórico latino parello ó do español aparecen, por exemplo, HABELENCIA, HABLIDÁ, HEDRAS, HÈRBA, HERDAR, HOJE, HOME... Non obstante, é frecuente a aparición de <h> non etimolóxico en palabras de etimoloxía pouco transparente ou dubidosa, coma HÉRBEDO ‘arbusto’ e HU-L-A ‘onde’.

No caso de voces con equivalentes casteláns facilmente identificables, en xeral, Valladares segue o mesmo criterio ca no <g, j, x>. Así, levan <h>, por exemplo, algunhas palabras coma HÒSO ou HÓVO (e a súa familia)¹⁸ que en castelán levan o ditongo -ue- e se escribían con <h> por tradición e non por etimoloxía¹⁹. Nos menos dos casos, como ocorre en ÒCO e ORFO e os derivados, Valladares rexeita o <h> antietimolóxico do castelán e gráfaas seguindo, probablemente, a listaxe dos seus predecesores Rodríguez e Cuveiro. En todo caso, é este o criterio menos usual. Palabras cun certo uso tradicional coma *erba* ou *edra* que aparecían sen <h> en Rodríguez e/ou Cuveiro (onde, así e todo, *erba* remitía a *herba*) son restituídas por Valladares á súa forma etimolóxica con <h> e recolocadas dentro do dicionario no lugar que lles corresponde. Voces esporádicas coma ÒRA (lat. HORA) son preservadas na forma tradicional.

Por último, Valladares prefere a ortografía do español en HACHAR (cast. *hallar*), HIRMAN (cast. *hermano*) e HENCHER (cast. *henchir*), á máis etimolóxica sen <h> que si se rexistran en Rodríguez (e tamén en Cuveiro, no caso da primeira e da terceira). Os castelanismos con <h>, como HALAGADEIRO ou HIJÒLA, levan precisamente nesta letra a marca filolóxica da súa procedencia.

3.2.4. Uso de /<v>

Sendo inmotivada fonoloxicamente a ocorrencia de e <v> no galego moderno era esperable que a ortografía vacilase e que se desen diverxencias entre os escritores galegos do XIX. Valladares faise cargo do problema da mellor maneira que pode a través de remisións. O castelán como guía pode apreciarse no caso de palabras que non seguen nese idioma a etimoloxía latina, coma en ABÓ, BARRER, BERMELO ou ESBELTÉS. Como norma tende a predominar o sobre o <v> cando a etimoloxía non lle resulta totalmente clara (ou non é quen de identificalas con voces parónimas do español), como ocorre en BASOIRO, CARBALLO, CARABILLA, DEBECERSE, DEBESA, ESCARABELLAR, ESCARABELLO, GABÈLAS (?) ou LABÈRCA. Nunhas poucas veces, coma en SARÁVIA ou EIVA, decídese por <v> en contra de Rodríguez e Cuveiro que as rexistran con .

¹⁸ Antes ca el tamén grafara “hovo” Cuveiro. Rodríguez, máis etimoloxista, ortografíao sen hache coma no portugués, italiano e latín: “ovo”. No *Nuevo Suplemento* de 1896 Valladares introduce sen <h> tanto òvo coma òviño e òvèiro, e el mesmo anota: “Òvo. V. hòvo, escrito con h por descuido”.

¹⁹ O <h> empezou usándose con función diacrítica cando o v se representaba como u e a secuencia escrita podía dar lugar a lecturas incorrectas do tipo *vevo* por *uevo* (*huevo*).

Explicada a súa postura e consciente da arbitrariedade, non resulta estraño que na presentación Valladares advirta case o mesmo que nos outros catro puntos problemáticos: “Las que no se hallen con *v* se buscarán con *b* y al contrario”.

3.2.5. A acentuación

A análise ortográfica dos lemas completámola coa descrición, aínda que de xeito sumario, da peculiar acentuación de que fai gala o lexicógrafo de Vilancosta. Salvo leves modificacións, o seu *Diccionario* segue o particular uso de acentos que posteriormente recollería por escrito o propio Valladares (1888a: 268, 1892: 12-14), que se basea en que, ademais de sinalar a tonicidade de cada dicción, tenta reflectir de maneira sistemática o timbre das vogais, tanto tónicas coma átonas. Isto implica que unha palabra pode levar dous tiles ou acentos gráficos. O procedemento que segue Valladares neste aparentemente complicado sistema de acentuación é, non obstante, sinxelo de describir:

- 1º) Repara en se a sílaba tónica se debe acentuar ou non, segundo as regras do acento prosódico.
- 2º) Se se debe acentuar, usa o agudo ou grave dependendo do timbre da vogal: se é aberta usa o grave (ALCIPRÈS, ARRÒS, CÒBREGA); se é pechada usa o agudo (ALTI-VÉS, ALÓ).
- 3º) Considera a sílaba pretónica e marca co acento grave o timbre da vogal media sempre que sexa aberta.
- 4º) Se a pretónica leva til, marca a intensidade da vogal da sílaba tónica co acento agudo, aínda que non lle corresponda acento gráfico segundo as regras prosódicas convencionais (ENFÈRNÁL, FÈNTÁL). Nalgúns casos pode usar o grave se a vogal é aberta, sobre todo en casos do sufixo *-eiro* (CHÒQUÈIRO, CÒPRÈIRO, DRÒGUÈIRO), aínda que hai exemplos en que a representa co agudo (CÒQUÉIRO, FRÈCHÉIRO)²⁰.

No exame que fixemos na letra L, das sete vogais do galego, as medias <e> e <o> poden aparecer, por tanto, con dous posibles acentos gráficos conforme a abertura da vogal que representan. Cando se trata dunha vogal media aberta, /e/ /o/, Valladares utiliza coma no francés, o acento grave (LABÈGA, LABÈRCA, LARPADÈLA, LÈLO...; LAMIGÒCHA, LIÒRTA, LÒBIO, LÒGO...). Se as vogais medias son as pechadas, /e/ /o/, o máis habitual é que non marque a calidade vocálica (LAMBER, LAMBETA, LAMPREA, LANGUECER...; LABOR, LAGOA, LAGOSTA, LARGOR...) e se usa o agudo é porque é de rigor ó lle corresponder o acento gráfico de inten-

²⁰ Non sabemos se esta diferenciación responde a unha auténtica distinta pronuncia do <ei> ou, o que nos semella máis verosímil, a que os grupos de exemplos foron lematizados en épocas diferentes. Aínda así, o ditongo *-ei-* sen acento, e por tanto con timbre supostamente pechado, aparece en moitos máis lemas ca con el.

sidade conforme as regras (o caso das esdrúxulas LÓSTREGO e LÓNTREGA), ou para indicar que a sílaba á que pertence non é átona ó ir acompañada dun ou máis acentos na palabra (LÈGOÍÑA, LÈILÁN, LÈPIÓSO, LÒITÁR...)²¹. No caso das dúas primeiras entradas do L, LA (adv. variante de *alá*) e LÀ (subst. variante de *lan*), Valladares emprega o acento grave con función diacrítica, tentando reflectir asemade a contracción histórica de <aa> e, xa que logo, unha maior abertura ou alongamento da vogal (en paralelo á representación de <è> e <ò> abertos). Así o fai noutros monosílabos resultado desta crase: Ì (< *ala*), CHÀ (< *plana*), MÀ (< *mala*), PÀ (< *pala*) e RÀ (< *rana*).

Tal e como revela o exame dos lemas da letra L, malia que o sistema proposto nos *Elementos de Gramática Gallega* (1892) implicaba dous tipos de acentos segundo o timbre da vogal, na práctica, o Valladares lexicógrafo confórmasse con sinalar de maneira máis ou menos sistemática as vogais abertas co acento grave e con empregar o agudo como acento de intensidade. As vogais medias pechadas neste sistema podían ser deducidas por defecto. En consecuencia, dada a estrutura fonolóxica do galego, as vogais tónicas e pretónicas abertas aparecen normalmente acentuadas, pero non as pechadas desas mesmas posicións, porque as regras que rexen o acento prosódico parecen aplicarse en primeiro lugar e só secundaria-mente as que rexen a marcaxe do timbre.

Os casos de ausencia de acento en LABREGO, LAREGO, LATAREGO, con pronuncia aberta nos dialectos da metade oriental do galego, de LADERNO e LAUREOLA, hoxe tendentes á pronuncia aberta, e mais de LEBRE, poden ser explicados por descoido, coma no último caso (de feito, na segunda reimpresión corrixiuse para LÈBRE), ou por presentaren pronuncia pechada no dialecto do autor, o caso das palabras en *-ego*. Tamén poden ter unha explicación de conxunto baseada na débeda lexical contraída cos dicionarios de Rodríguez e Cuveiro, pois todas elas aparecen neles sen acento. Pola súa parte, a ausencia de acento grave en palabras con <e> en sílaba tónica trabada por nasal (coma en LAGUMENTO, LAMACENTO, LAMENTO, LATENTE, LENZO...) responden ó timbre pechado pola influencia da nasal que é normal no vocalismo do galego occidental, ó que se adscribe o autor.

Canto á representación do acento prosódico, a grafía valladariana amóldase no galego á ortografía do castelán na que el se formara. As normas que segue responden a unha edición posterior á terceira da *Ortografía* da Real Academia Española de 1763 (levemente modificada en sucesivas edicións ó longo do século XIX), a partir da cal se comeza a usar o til seguindo basicamente as regras que seguen en vigor no español actual (isto é, *está, árbol, sílaba*), agás no referido ás palabras agudas e graves rematadas en <-n> ou <-s>, que se acentuaban xustamente ó contrario (é dicir, *perfeccion, vírgen, crisis*)²², e na marcación de

²¹ No *Diccionario* son excepcións palabras con tres acentos, coma o caso de CÒITÈLÁDA e CÒITÈLÍÑO, ou SÒLÈNIDÁ e SÒLÈNEMÉNTÈ, con dous acentos graves de abertura e un agudo de intensidade.

²² Quizais o máis rechamante para un lector actual, xustamente por ser contrario ó que hoxe é norma no castelán e no galego, é a ausencia de acento ortográfico nas palabras agudas rematadas en *-an, -en, -in, -on, -un*. A Real Academia Española non establecería a súa acentuación obrigatoria (ó igual cás rematadas en *-s*) ata a edición de 1880 da súa *Gramática*, se ben o seu *Diccionario* publicado só catro anos máis tarde aínda non recolle o cambio.

diferentes encontros vocálicos. A heteroxeneidade e as contradicións que se observan na acentuación das entradas debe verse sobre todo á luz da ortografía vacilante no español do século XIX, na que foron habituais pequenos cambios e reformas e mesmo insubordinacións. Gramáticos de tanta reputación coma Bello e Salvá criticaron algunhas das regras da Academia Española, e os escritores, mestres, e, en xeral, os moitos xornais e revistas que comezaron a difundirse neste século sentíronse libres para seguir con certa lasitude as directrices académicas (Martínez de Sousa 1985: 47-48). Se a isto se engade a tradición ágrafa do galego na época e, no caso de Valladares, o feito de que o seu *Diccionario* se compila en etapas diferentes e de fontes que seguen normas de acentuación levemente distintas, non é difícil facerse cargo de que incluso na mesma obra se rexistren por veces pequenas e grandes incongruencias de distinto calibre. Deixando á marxe as pequenas erratas, no exame feito na letra L, as particularidades máis notables detectadas no sistema de acentuación de Valladares abranguerían os aspectos seguintes:

- 1) As agudas acabadas en <vogal + s> acentúanse: LADRÁS, LOMBRÍS.
- 2) As graves, en contraposición, non se acentúan: LADRAS, LAMBESPIÑAS, LARAFUZAS.
 - a) Dentro das graves, excepcionalmente, acentúanse algúns diminutivos en *-iño*, que interpretamos como erratas ou malas transcripcións, se ben está acentuación ten sistematicidade marcando intensidade nos casos en que na palabra hai outro acento grave que marca abertura, coma en LÒITÍÑO, LABÈRQUÍÑO, LÈGÚÍÑA...
 - b) Cando as palabras graves terminan en dúas vogais levan acento gráfico de intensidade se a primeira delas é <i> e tónica, coma en LÓQUERÍA, MEIGUERÍA. Pola contra, os encontros de vogal tónica <u> con átona xeralmente non se acentúan, coma o caso de LUA (cfr. TUA, SUA).
 - c) As graves con ditongo decrecente acentúanse na vogal forte: LÁUDES (cfr. CRÁUDIAS, CHÁIRA, NÁIDE).
- 3) As chamadas semiesdrúxulas (graves con ditongo crecente na última sílaba) levan xeralmente acento nunha proporción de 10 a 5, fronte ás que aparecen sen el. Téñeno LABRÁMIO, LÁMIA, LÁPIO, LEGÚMIA, LÈNDIA, LÉPIA..., pero non LINGUA, LIRIO, LUCIO..., quizais porque así as lematizou de Rodríguez, onde tamén figuran sen acento.
- 4) As esdrúxulas acentúanse sistematicamente: LAMÁCHEGA, LÁTEGO, LÉVEDO...
- 5) Os encontros de vogal átona con <i> tónico acentúanse xeralmente por iren en hiato: LADROÍZO, LANDAÍÑAS, LAÍDO, LAÍN, ROÍN. Exceptúanse as palabras agudas en *-ui-*, como LUIR (cfr. ATUIR, DESOUIR, ESCRUIR, FRUIR, PRUIR...).

En definitiva, co seu sistema, Valladares logra conxugar o acento prosódico e o de marca de abertura. Grazas a iso incorpora información fónica sobre as vogais medias da palabra da

entrada, revelándose en liñas xerais como moi fiable, pois tralo exame feito a adscripción dos timbres veñen coincidindo cos que aínda hoxe son os habituais no galego común ou cos da súa área dialectal, de ser o caso.

4. AS DEFINICIÓNS

Na liña dos que o precederon, o de Valladares é un dicionario bilingüe non convencional. Éo tanto nos propósitos que parece servir coma na forma e estrutura dos artigos. Os dicionarios bilingües teñen como finalidade primeira a de axudar ós seus destinatarios a expresarse nunha lingua que non é a súa ou ben a traducir a súa a aquela. Dende a experiencia do presente, un dicionario publicado como galego-castelán parece que debера responder á idea de que os seus usuarios non coñecen o galego e necesitan saber a súa equivalencia en castelán. Pero ¿é este o propósito que se transloce no *Diccionario*? Comecemos por examinar os que explicita no “Prólogo” e pasemos logo a revisar o material que aparece a continuación das entradas.

O prólogo comeza xustamente facendo referencia ó tópico xa tratado nos textos introdutorios dos outros dous dicionarios precedentes, isto é, a necesidade e utilidade dun dicionario galego, descrita por Valladares como “conveniencia”. Se nos dous primeiros dicionarios os seus autores e editores se poñen a traballar movidos polo signo dos novos tempos, Valladares apela tamén ó nacemento do mundo moderno, describíndoo nestes termos no “Prólogo”:

Ante las numerosas vías de comunicación abiertas hoy en Galicia, ante las invenciones del ferro-carril o del telégrafo eléctrico, ante el movimiento material é intelectual de nuestra época, comprendemos la utilidad ahora como nunca de un completo DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO.

Valladares non fai mención expresa na súa introdución á pertinencia do estudo do galego na escola, como si o vía Antonio de la Iglesia no de Rodríguez, nin á utilidade do dicionario con relación ó movemento de persoas na Administración civil, na Xustiza ou na Igrexa que se poderían beneficiar del, como sinalaba Cuveiro. Pero as súas queixas ante o desleixado estado do galego e a carencia de medios periódicos que o empregasen non deixan lugar para a dúbida do seu amor polo galego. Os dicionarios son, para el, instrumentos de instrución dos falantes e de perfeccionamento das linguas. E é posiblemente neste sentido non excluínste como cómpre entender a aceptación da tipoloxía bilingüe do dicionario e a ideoloxía bilingüista que zumegan as declaracións, cremos que sinceras, de non belixerancia contra o castelán e mesmo a favor da súa vixencia e expansión: “un buen Diccionario Gallego-Castellano, léjos de perjudicar al idioma de Castilla, haría se difundiese éste más y más entre las clases todas de Galicia”. En todo caso, aínda que a tipoloxía adoptada parece levarnos en principio a usuarios castelanfalantes que necesitan descifrar o galego, como se

suxire no dicionario de Rodríguez, é o propio Valladares quen se encarga de recordarnos que a súa obra pretende ir máis alá, chegando a ser “un libro gallego verdaderamente popular é instructivo” e a andar “hasta en manos del labriego”. Este dobre propósito que non coincide totalmente co dos dous dicionarios anteriores (o de Cuveiro pretende atinguir un público galego especialmente erudito) ten o seu reflexo en dous aspectos importantes nesta obra: un de orde cuantitativa, xa tratado –o da expansión do dicionario dando entrada a novas palabras, algunhas delas comúns co castelán–, e un estrutural e formal, que concirne á articulación da microestrutura de cada entrada, que seguidamente revisaremos nalgunha das súas especificidades.

Os dicionarios bilingües convencionais caracterízanse por ofrecer case exclusivamente equivalentes ou voces case sinónimas, quizais con algunha aclaración, a continuación da entrada. En contraste, o máis normal no dicionario bilingüe de Valladares é dar un equivalente cando existe (ou cando o autor o coñece) para, a continuación, engadir unha descrición similar á dun dicionario monolingüe ordinario, e adicionalmente, en ocasións, información de tipo contextual ou etnográfico. Vexamos isto coas dúas primeiras entradas da letra P: PÀ, un lema presente nos dous dicionarios galegos anteriores, e PABÍO, unha voz non incluída nin en Rodríguez nin en Cuveiro, aínda que rexistrada con anterioridade como “pabío” e “pavío” no *Vocabulario* inédito de Pintos (1865), ó que coidamos que Valladares non tivo acceso para a elaboración do seu *Diccionario*²³:

Rodríguez (1863)

Pá. 1º Pala, de hierro ó madera de varios usos. En Port. y ast. id. En ast. Tambien se dice: padie-lla, de donde viene el apellido de Padilla.

Cuveiro (1876)

Pá - Pala de hierro ó madera, de varios usos.— Los homóplatos del cerdo y la carne que de esto se aprovecha para los chorizos, longanizas, etc.

Valladares (1884)

PÀ. Pala de madera, o hierro, destinada a varios usos. La con que se echan los panes en el horno es de madera, figura elíptica y mango largo.
PABÍO. Pábilo, mecha ó torcida del candil, velón, vela, hacha.

Da microestrutura de “pa” e “pabío” pode observarse o procedemento similar utilizado polos tres lexicólogos: tradución ó castelán mediante un equivalente e unha pequena perífrase aclaratoria. No caso de “pa” a transmisión do equivalente castelán é imperfecto. Rodríguez achega a equivalencia exacta, *pa* en galego = *pala* en castelán, seguido de coma, antes de dar paso a outros contidos informativos. Tanto Cuveiro coma Valladares propoñen unha perífrase explicativa antes que o prototípico equivalente dos dicionarios bilingües presente no primeiro dicionarista. No caso de Valladares acompañaa ademais de información

²³ O vocabulario de Pintos foi editado por Neira e Riveiro (s.d). Se se toma o treito de 30 entradas que vai de “pallon” a “papar”, a metade, 15 entradas, non aparecen rexistradas en Valladares. Nas definicións tamén se observa que son obras completamente distintas.

etnográfica sobre o obxecto supostamente máis antigo: a “pa do forno”. As diferenzas entre o contido léxico-semántico dos tres dicionarios aparece aquí tamén en evidencia. Rodríguez, a mediados de século, é máis comparativista ca Cuveiro e Valladares, xa que engade información plurilingüe sobre as formas correspondentes noutras linguas, neste caso o portugués e o asturiano, e engade unha nota antroponímica. Cuveiro non está interesado no seu comparativismo nin na nota, e prescinde das dúas informacións, pero engade unha nova acepción máis interesante para el, dende un punto de vista estritamente lexicográfico: ‘cada unha das omoplatas do porco e a súa carne’. Non obstante, non dá cos equivalentes exactos en castelán “paletilla, paleta”. Valladares que, evidentemente papeletiza os seus predecesores, tampouco os segue fielmente e non recolle máis có primeiro significado. Como é facilmente advertible, a redacción do artigo é orixinal a partir do primeiro punto, aínda que un tanto arcaica no uso pronominal do artigo.

No segundo exemplo, sentíndose máis libre para innovar, Valladares recolle unha nova voz, PABÍO, achega o parónimo correspondente castelán como tradución e engade a base de cuasi-sinónimos unha pequena definición identificativa. Curiosamente non rexistra o dobrete máis común “pabilo”, o que implica unha familiaridade libresca co castelán antes do que efectiva, polo menos canto ó léxico. É probablemente en relación a este tipo de léxico como debe entenderse a eficacia de Valladares de que o seu dicionario non só sería útil para castelán falantes que precisan entender o galego, senón para os galegos que queren expresarse en castelán.

A maneira de xeneralización, pódese afirmar que as entradas de Valladares non só están mellor seleccionadas senón tamén mellor definidas a maior parte das veces. Alí onde os seus predecesores se conforman con dar un equivalente, Valladares tende a completar e regularizar todos os artigos ou ben cunha pequena definición ou coas acepcións que coida pertinentes. É o que ocorre, por exemplo, na entrada PACENCIA, común ós tres lexicógrafos, na que Valladares rexistra nada menos que 5 acepcións diferentes separadas polo signo = (un tanto equívoco para quen non este familiarizado coa obra):

Rodríguez (1863)

Pacencia. Paciencia. En ast. id.

Cuveiro (1876)

Pacencia - Paciencia.

Valladares (1884)

PACÈNCIA. Paciencia, sufrimiento en las adversidades = Virtud que la enseña = Espera en lo que se desea = Lentitud en ejecutar = Sufrimiento indebido en materia de honor.

No caso de que a entrada coincida formal e semanticamente co equivalente castelán, Valladares habilitou a abreviatura “com.” diante da acepción común para evitar a repetición da forma idéntica dentro do artigo e especificar os significados en que os dous idiomas coinciden. Na lista de abreviaturas que ofrece nas páxinas iniciais, “com.” explícase como

“Voz común, que lo mismo significa, lo mismo se escribe y pronuncia en gallego que en castellano”. No treito examinado das 100 palabras que van do comezo da letra P, PÀ (p. 417) a PANCIÑO (p. 423), Valladares sérvese desta abreviatura en 21 entradas²⁴. En 18 ocasións dentro desta secuencia, a abreviatura aparece xusto a continuación da entrada, co cal se tenta indicar que a acepción ou acepcións que se listan a seguir son coincidentes nos dous idiomas. Cando a coincidencia non é total, o lexicógrafo ullán coloca primeiro a acepción ou acepcións diferenciais do galego, dando a entender que unicamente as que van despois da abreviatura se corresponden cos significados que a palabra ten en castelán. No treito examinado, este tipo de proceder pode verse, por exemplo, nas entradas PAISANO e PALANCADA. A coincidencia semántica total obsérvase en PACHORRA (na que só se distingue un significado) e PALILLO:

PAISANO. Labrador, labriego. = com. Conciudadano
= No militar.

PALANCADA. V. *zancada*. = com. Golpe de palanca

PACHORRA. Com. Flema, calma, tardanza, lentitud.

PALILLO. Com. Varilla donde se encaja la aguja para
hacer calceta = Mondadientes.

No que é o artigo propiamente dito, o elemento que o adoita encabezar é, como se dixo, o equivalente ordinario castelán dos dicionarios bilingües. Nas 100 primeiras entradas do P hai unhas 39 entradas que conteñen a tradución ou equivalencia seguida de coma. A elas habería que engadir as 21 que levan a etiqueta de común e que o lector debe traducir ou substituír automaticamente pola forma idéntica compartida co español. As restantes compóñense dunha especie de definición ou perífrase aclaratoria, ou son lemas que remiten a outras entradas. Estes obviamente non conteñen definición ningunha. Suman un total de 15 entradas, 7 delas diminutivos de formas traducidas ou definidas en entradas próximas²⁵. Un caso de equivalente típico dos dicionarios pode verse no exemplo da entrada PADRIÑO, onde a tradución “padrino” debe sobreentenderse como aplicable ás distintas acepcións galegas recollidas. Os exemplos das outras tres entradas, que exemplificamos á dereita, poden valer como casos de remisións: un diminutivo PAICIÑO, unha referencia a outra entrada de significado parecido, PACHECA²⁶, e unha referencia a unha variante formal, PAIFÒCO²⁷. Neste último caso, tal e como sinalou García Ares (s.d.) na súa edición do *Nuevo Suplemento al*

²⁴ Levan esta marca PACER, PACHON, PACHORRA, PAISANO, PALANCADA, PALANGRE, PALANQUÍN, PALEAR, PALÈRMO, PALETILLA, PALETO, PALILLO, PALILLOS, PALIQUE, PALITRÒQUE, PALURDO, PALLASO, PAMPIROLADA, PAMPLINA, PAMPLINADA, PANARRA.

²⁵ A inclusión de diminutivos non lexicalizados, pouco común nos dicionarios convencionais, é sen dúbida característica distintiva deste dicionario. O uso abundante do diminutivo en galego considerouse tradicionalmente un aspecto característico e diferencial do galego fronte ó castelán, o que o podería ter impulsado ó redactor a inserilos na macroestrutura da obra. Non obstante, esta era tamén unha forma sinxela de obter un maior número de entradas. No treito analizado do P son 9 os diminutivos: 7 remiten á forma básica: PAICIÑO, PAJARIÑO, PALRADORIÑO, PALREIÑO, PALLIÑA, PANCADIÑA, PANCIÑO; e 2 considéranse diminutivos dentro do artigo: PADRIÑO e PALRIÑA

²⁶ Das 14 remisións, 4 son a palabras sinónimas (ou que expresan un significado moi semellante): PACHECA (=> PEJIGUEIRA), PÁJARO ABELLEIRO (=> ABELLARUCO), PALÈRMO (=> PASBOATO), PALITRÒQUES (=> SANJOÁNS).

²⁷ Das 14 referencias do treito, 4 son variantes formais fonéticas ou morfolóxicas: PADRICAR (=> PRADICAR), PAÍZO (=> PAÍNZO), PALIQUEAR (=> PALICAR), PAMPULLO (=> PAMPILLO).

Diccionario, as formas ás que se remite non se deben entender necesariamente como entradas normativas ou variantes privilexiadas. As razóns que parecen estar na base da dirección das remisións foron máis ben de índole práctica. Isto é, a aparente xerarquización non responde a un afán normativizador ou estandarizador, como ocorre noutras obras, senón posiblemente á data, anterior ou posterior, en que se rexistraron as variantes.

PADRIÑO. Padrino, que tiene al niño, ó al convertido, en la fuente bautismal ó en la confirmación = Que apadrina en un acto literario, desafío, etc. = Protector = Diminutivo de padre.	PACHECA. V. <i>Pejigueira</i> . PAICIÑO. Diminut. de <i>pai</i> . PAIFÔCO. V. <i>Peifôca</i> .
--	--

En cada un dos artigos do *Diccionario*, ademais da(s) equivalencia(s) castelá(s) que ocupan xeralmente o primeiro lugar despois da entrada, o máis frecuente é que ou ben se acompañe dunha definición de tamaño e deseño moi diverso, que nalgúns casos pode chegar a funcionar de equivalente propiamente, o caso dos exemplos PAJAREIRA e PALLOTE, ou dun ou varios sinónimos, a medio camiño entre o equivalente castelán e a definición sinónímica que axuda a delimitar o seu significado, o caso de PALAFUSTRAN:

PAJAREIRA. Pajarera, jaula grande para pájaros. PALLOTE. Cobertizo, ó cubierto pequeño, de paja en forma de cabaña.	PALAFUSTRAN. Pelafustan, holgazan = Perdido = Hombron, hombrazo, hombre alto y grueso a pro- porción.
---	---

Ademais da heteroxeneidade das entradas recollidas, o *Diccionario* resulta particularmente interesante pola riqueza das novas definicións que achega tanto de palabras populares e familiares coma das relacionadas coa flora e fauna autóctonas, das que Valladares se mostra particularmente afecto. No anaco das 100 primeiras entradas do P chaman a atención, polo seu detalle ora enciclopédico ora antropolóxico, as dedicadas a plantas: PAÍNZO (e a variante PAÍZO), PAJARIÑOS (1 e 2), PALITRÓQUES, PALMEIRA, PALLA-REAL, PAMPILLO (e a variante PAMPULLO), PAMPLINA, PAMPLINA *d'auga*; e animais: PAJEL, PÁJARO ABELLEIRO, PÁJARO D'A MORTE.

A novidade dos artigos de Valladares pode contrastarse comparando a dúas primeiras voces da flora e fauna galegas que recolle (“Paínzo” e “Pajel”) coas correspondentes dos dicionarios anteriores (véxase cadro na páxina seguinte).

O máis evidente a primeira vista é que o artigo de Valladares é respecto do de Rodríguez e Cuveiro máis extenso. Do primeiro ó terceiro a información recollida sobre o mesmo lema vai en aumento de maneira similar a como progresan o número de voces rexistradas. O de Rodríguez contén a definición máis lexicográfica, aínda que se serve do punto para engadir máis información cá puramente descritiva, indicándonos os usos a que se destina a planta. O artigo de Cuveiro refai e estende a definición en varias liñas: clasifica a planta entre

Rodríguez (1863)

Painzo. Panizo, especie de mijo menudo que lleva el grano en espiga cilíndrica. Se usa entre los aldeanos, en mixtura con el maíz y centeno, y en las ciudades para dar á los pájaros. En port. id.

Cuveiro (1876)

Painzo y paizo - Panizo, planta anual de la familia gramíneas, de varias clases. Especie de mijo menudo que lleva el grano de una panoja de un pié de largo, apretada, casi redonda y gruesa; de la raíz nacen varios tallos redondos, sólidos y nudosos, las hojas que salen todas de los nudos, son largas, estrechas y ásperas, y el fruto nace en la estremidad de los tallos. Los aldeanos la usan para alimento en mixtura con maíz y centeno, y en las ciudades para dar á los pájaros. *Panicum italicum*.

Valladares (1884)

PAÍNZO. (*Panicum italicum*). Panizo; planta anual, perteneciente á la familia de las gramíneas de Jus-sieu y oriunda de la India y de Italia. Tiene el grano mas redondeado y menos lustroso que el Mijo menudo, crece hasta cerca de dos metros y los tallos son nudosos y casi sólidos. Hay dos variedades: el de Italia forma una hermosa panoja compacta, en cola de Zorra, ó de Rata, de un palmo de longitud: el de Hungría, llamado tambien Moha, lleva panoja y granos de menores dimensiones. Cultívase el Panizo en nuestros campos, especialmente hácia la montaña, y dánsele las mismas, ó casi las mismas, aplicaciones que al Mijo menudo.

as gramíneas, descríbea cun detalle característico dos dicionarios especializados, recolle os usos contemporáneos apuntados polo seu predecesor e achega o nome científico. Valladares, pola súa parte, asume o reto de Cuveiro e procede de maneira sistemática nestes dous campos léxicos, como mostraremos a seguir. O artigo de PAÍNZO exemplifica perfectamente o tratamento que lle dá a este tipo de vocabulario. Valladares baséase, seguindo o modelo de Cuveiro, na definición típica dun dicionario de botánica. Comeza por identificar en cursiva e entre parénteses o nome científico da planta, co xénero en maiúscula e a especie en minúscula, e a seguir reproduce a información científica que coida pertinente. O artigo, que contén 22 liñas no *Diccionario*, pode parecer moi extenso, pero non é dos máis longos. Por exemplo, para a VOZ PAJARIÑOS reserva dúas entradas diferentes que corresponden a dúas plantas diferentes: a primeira ocupa 49 liñas; a segunda, 30. A PAMPILLO destina 45 liñas e a PAMPLINA, 25. Algo máis comedido se amosa con PAMPLINA *d'auga*, á que dedica 11 liñas, e con plantas e árbores pouco comúns en Galicia, como é o caso de PALMEIRA á que, aínda así, lle concede 17 liñas²⁸. O caso extremo relacionado con termos de botánica represéntao o tamaño do artigo do lema HÈRBA, que ocupa 28 páxinas no *Diccionario* (pp. 294-322). Como xa se fixo notar, a obra aínda inclúe un apéndice de termos en castelán explicativo da terminoloxía que usa nas

²⁸ Non se esquece tampouco dentro desta entrada de identificar unha especie próxima máis común en Galicia, o "palmito" (*Chamaerops humilis*), que logo non rexistra como entrada independente.

descricións. Os nomes de plantas ou de termos relacionados coa botánica que se rexistran no dicionario merecería en por si o estudo atento dun especialista²⁹.

Igualmente pode dicirse das voces relacionadas coa zooloxía e das súas definicións, que tenden a ser científicas e extensas. No caso de PAÑEL, a procedencia da palabra, que aparece por primeira vez en Cuveiro baixo a forma *pagel*, é evidentemente libresca, pois non se trata dunha voz popular galega rexistrada en ningún traballo de campo anterior nin posterior a Valladares. Eladio Rodríguez recóllea baixo a entrada “paxel”, pero o equivalente e a definición indican que se trata dunha voz xenérica apañada directamente de Valladares e só corrixida, con algunha outra fonte, na adxudicación da orde zoolóxica: “Breca, voz genérica comprensiva de peces acantopterigios que también se conocen por escalos. Carecen de espinas en las aletas y su carne es poco estimada”. Como xa fixera antes ca el Cuveiro, Valladares adapta o préstamo da súa fonte española á ortografía particular que defendía (con iota coroada) e inclúea como se fose unha entrada máis. É curioso que non coincidan na adxudicación do equivalente nos nosos ríos. Cuveiro fala do “barbo” e Valladares do “escalo”³⁰:

Rodríguez (1863)

[Non rexistra esta voz].

Cuveiro (1876)

Pañel - Pez de un pié ó mas de largo, encarnado desde el lomo al vientre que es plateado, las aletas del lomo y cola encarnadas; su carne es muy estimada. En Galicia se llama barbo. V. *Sparus erytrinus*.

Valladares (1884)

PAÑEL. (*Leuciscus*). Breca; voz genérica, comprensiva de varias especies de peces, pertenecientes al orden de los malacopterigios abdominales, familia de los ciprinos, como son, entre otras, el *Leuciscus alburnus* y el *Leuciscus dobula* especies vulgarmente conocidas con el nombre de peces de río, comunes en el Manzanares, Jarama, Tajo etc. y una de las cuales debe ser el llamado Escalo en muchos puntos de Galicia. Carecen de espinas en las aletas, de barbillas en la boca y tienen corta, tanto la aleta dorsal, como la anal. Su carne es poco estimada.

No caso de PÁJARO D’A MORTE, identificado como *Strix buho* e traducido como “cárabo, ó Buho grande”, que ocupa case unha columna (45 liñas), a descrición física da ave das

²⁹ Na súa biblioteca de Vilancosta podemos follear un manuscrito autógrafo inédito de 1879 titulado *Catálogo de árboles de adorno, arbustos y flores mas comunes hoy en los mejores jardines, por M.V.N.* A información que contén aparece estruturada en fichas con estes campos: “Nombres vulgares castellanos”, “Nombres, géneros científicos y especies”, “Variedades” e “Familias”.

³⁰ Os dicionarios enciclopédicos do español recollen “pagel” como ‘breca’ e “pagellus” como ‘Género de teleosteos’. As dúas voces aparecen marcadas como pertencentes á ictioloxía.

primeiras liñas complétase con información de carácter anecdótico tirada tanto de fontes eruditas (incluso clásicas na alusión a Plinio), coma do folclore tradicional galego. Os contidos folclóricos e antropolóxicos localízanse en moitos artigos da obra, pois cómpre non esquecer que Valladares foi no século XIX un dos pioneiros na colección de cantigas, refráns, contos e outras mostras do saber popular.

A pesar de que o galego contaba cunha incipiente, aínda que limitada, tradición literaria, esta seguía a ter en xeral unha coloración eminentemente popular e a maior parte do léxico extraído das fontes literarias do momento participa da mesma cultura de que se nutría. Nas 100 palabras examinadas do P, a realidade extralingüística á que se fai referencia é principalmente a do mundo tradicional e popular do rural galego, que se segue a iluminar con “candís, velóns, velas ou fachos” (s.v. PABÍO), coma no século anterior, e que coñece de lonxe a luz eléctrica (Valladares documenta ELEITRICIDADE e ELEUTRICIDADE). Xa vimos as voces referentes a distintas plantas e animais, unhas 16 en total. A elas habería que engadir-lles varias outras máis xerais como PAJARIÑO e PAJARO, ou específicas como PAJE (probable eufemismo no sentido de ‘porco’, ‘o paxe da casa’) e PANAVEA (que refire ó pé da avea e varios outros cereais cando se sega). Sumarían en conxunto unhas 20.

Próximo ó medio natural poden colocarse as voces que aluden a actividades primarias (a labranza e a pesca) e as cousas con elas relacionadas. Esas palabras translocen a vida dos que falaban galego na segunda metade do século XIX. Galicia é un país de “paisanos” (s.v. PAISANO) que sacan as vacas a pacer ós prados (s.v. PACER, PALMOEIRAS, PANASCO) e a labrar as terras con arado (s.v. PALMELA); que apalleiran o pan en palleiros, segan e recollen a herbaseca, e amedan a cana do millo (s.v. PALLA, PALLAL, PALLA-PAÍNZA ou PAÍZA, PALLAREJA, PALLEIRA, PALLEIRO); que crían e matan porcos para comer (s.v. PAXARELA), que cortan castiñeiros para se serviren da súa madeira (s.v. PAGÁ); que saen ó mar para sacar algún carto (s.v. PALANGRE); e que traballan no que haxa cando se ven obrigados (s.v. PALANQUÍN), como cargar ou descargar, ou arrear cargas coas bestas (s.v. *estar de* PALLETAS). Os cambios da revolución industrial, dende logo, nin rozaran Vilancosta; alí a xente seguía a valer-se de artefactos rudimentarios (s.v. PALANCO, PALANCÓN) e a operar en actividades artesanais (as do pan -PÀ, PANADEIRÍA, PANADEIRO- ou as de tecer -PALILLOS, PALILLAR, PALILLEIRA). Os grandes inventos que están a transformar o mundo para sempre non aparecen rexistrados; por exemplo, nin “máquina” nin “tren” forman parte do *Diccionario*.

¿Como eran daquela os galegos? Se facemos caso dos adxectivos rexistrados por Valladares, podémolos imaxinar menosprezados por viviren na aldea (s.v. PALETO), traballando duramente sen tirárenlle proveito ó traballo (s.v. PACHECA, PEJIGUEIRA), ou véndose acosados polos seus señores por traballaren lentos (s.v. PACHORRA, PACHON) ou sen motivación (s.v. PALAFUSTRAN). Podemos facernos a idea de que a vida que levaban non era doada. Insultábanse sen compaixón cun vocabulario do máis variopinto (s.v. PAIFÒCO, PALÈRMO), sen mostraren grande estima de si mesmos nin dos seus semellantes (s.v. PALURDO, PANARRA). Non é difícil imaxinar un vulgo malfalado (nin sequera falta un chisco de lingua gro-

seira en forma de xuramento, s.v. *xuro á PALLA DOS NABOS*), pero falangeiro, amigo dos contos e de xogar coas palabras da única maneira que poden. Valladares non recolle a voz común “palabra” pero si VERBA ‘verbosidade, demasía de palabras’ e, sorprendentemente, 15 palabras no tramo estudado relacionadas co falar lixeiro: PALABREIRO, PALIQUE, PALICAR, PALIQUEAR, PALRA, PALRADOR, PALRADORIÑO, PALRADURÍA, PALRAR, PALREIRO, PALRETA, PALRIÑA, PAMPIROLADA, PAMPLINA, PAMPLINADA. A ausencia de “elocuencia” no dicionario (non se documenta esta palabra) contrasta, polo tanto, coa proliferación desmedida de voces relativas á charla insubstancial, ó falar por falar, e á rexouba necia, intranscendente ou impertinente (s.v. PALRAR ‘dicir o que se debe calar’, PAMEMA ‘cousa fútil á que se dá importancia’, PALLETAS ‘o que fala moito con impertinencia’).

Dixemos anteriormente que un dos grandes méritos de Valladares fora recoller sen prexuízos unha mancha de vocabulario popular e familiar do que hoxe non teríamos constancia de non ser grazas á súa devoción pola colección. A dureza da vida na Galicia decimonónica faise patente na abundancia de significados (e vocábulos) derogativos que se documentan. Son nada menos que 23 entradas, das 100 que Valladares anota na secuencia escollida de maneira aleatoria, en que se poden rastrexar connotacións pexorativas ou moi negativas. Por iso, se houberse que decidirse polo tipo de vocabulario ó que deu entrada maioritariamente no seu dicionario, é evidente que non se trata dunha obra composta de palabras cultas e eruditas, aínda que haxa algunhas. De modo xeral, non é arriscado afirmar que unha parte considerable apunta cara a un mundo moi pouco refinado e a un pobo inxenuo e case supersticioso (s.v. PALETILLA), e en ocasións embrutecido e salvaxe, dado a desavinzas e reñas, que cre no poder das pancadiñas (s.v. PALEAR, PALÈRMA ‘malleira’, PALANCADA, PALLIZA, PANCADA, PANCADIÑA). Non é estraño, pois, que a xente quede alelada (s.v. PAMPO ‘admirado en grado superlativo’) ante a lingua e a cultura que vén de fóra e que asuma moitos dos insultos que outros lles imputan, xa que unha boa parte das voces familiares pexorativas indicadas son de procedencia castelá.

¿Pero hai algunha voz que conteña connotacións indubidablemente positivas no treito examinado e que nos fale dun mundo algo máis ameno ou comfortable? Xa mencionamos a riqueza de voces referidas á flora e fauna. Pero hai aínda outra parte importante da realidade que parece ser a salvagarda da forza e coherencia dunha cultura con fondas raíces no tempo. É a da vida familiar e comunitaria que sobreviven estoicas contra a adversidade (s.v. PACENCIA). A familia galega do século XIX forma parte dunha sociedade patriarcal (s.v. PAI ‘cabeza de liñaxe’), se cadra algo atípica pero moi cohesionada, que a igrexa contribúe a soste e articular por medio dos seus ritos e discurso (s.v. PADRICAR, cruzamento de “predicar” e “padre”). É unha familia extensa formada por pais, fillos e netos, na que as mulleres (as nais) sobreviven ós seus maridos (s.v. PADRASCO, PADRASGO, PADRASTO) e os padriños (unha especie de segundos pais para os fillos) aseguran a sobrevivencia do neno ata que é adulto (s.v. PADRIÑO ‘protector’). Viven en casas con tellados que se serven de estruturas de madeira (s.v. PÁDEA), con cortes e cortellos onde gardan e crían os animais (s.v. PALLOPO), cunha eira

con moitas larganzas na que mallan o pan ou centeo (s.v. PALLEIRA, PALLEIRO) e unha cabana con cuberta de palla ou xestas, onde resgardan os apeiros (s.v. PALLOTE). Se o traballo forma parte da vida diaria de tódolos membros da familia, o seu contrapunto constitúeno as festas e os xogos dos nenos (s.v. PALÁN DE ROMA, PALITROQUE). Non hai festa sen música e en Galicia o instrumento indispensable para que haxa foliada é a gaita que se fai acompañar do tamboril (s.v. PALILLOS). De todas as festas a máis importante e alegre é a da patroa ou patrón que avoga polo lugar ou parroquia da que todos se senten veciños (s.v. PADROEIRO).

En fin, dende a ribeira do Ulla, Valladares dedicouse a testemuñar a fala viva. No seu *Diccionario* deixounos ilustrada a súa visión do mundo galegofalante do século XIX. Nel foi atesourando as voces, xiros e expresións que saían dos labios dos paisanos como ninguén fixera ata daquela, converténdoo así nun libro de “folk-lore” (de saber popular), ó que el era tan afeccionado, ante o temor, por el expresado no prólogo, de que o galego estivese próximo á desaparecer ante o pulo do progreso.

5. CONCLUSIÓNS

O literato Marcial Valladares brillou con luz propia entre os galeguistas do Rexurdimento por ser o autor da máis importante obra lexicográfica da segunda metade do século XIX: o *Diccionario Gallego-Castellano* (1884). O “Diccionario Gallego”, como era denominado na prensa coetánea, representou a culminación de varias pequenas empresas lexicográficas que lle serviron de precedente e é un punto de referencia fundamental para as que se levaron a cabo ó longo da primeira metade do XX. Dende mediados da década de 1850, Valladares di traballar no dicionario seguindo unha tradición intermitente de vocabularios e dicionarios bilingües que teñen en Rodríguez e Cuveiro os seus máis importantes representantes. A súa obra, non obstante, destaca nesa tradición por saber asumir o mellor das contribucións anteriores (que son recoñecidas explicitamente no prólogo da obra), por superalas cuantitativamente tanto en número de voces coma de acepcións distinguidas, e por introducir innovacións na lexicografía galega, como a exemplificación de moitos dos significados mediante exemplos, textos da literatura popular (refrás e cantigas) e citas de autores modernos, todas poéticas. Son estes aspectos da obra os que recoñeceron os seus contemporáneos e os que valoraron as varias xeracións de lexicógrafos que se surtiron dos seus ricos contidos léxicos e semánticos.

Segundo tentamos demostrar, o “diccionario clásico do galego” do Rexurdimento supera ós seus predecesores cuantitativa e cualitativamente. Sexan, como el indicou, 11.000 o número de lemas, ou como se apuntou recentemente 16.000, é indisputable que Valladares inventaría, traduce, define e documenta con exemplos máis palabras cós autores dos dous dicionarios bilingües anteriores, superando con moito as en torno a 4.000 de Francisco Javier Rodríguez (1863) e, por calquera dos cómputos que se utilicen, as achegadas por

Juan Cuveiro (1867). Como xa sinalaron os críticos do *Diccionario* que nos antecederon, Valladares aprovéitase do traballo deles adoptando unha boa parte dos seus contidos, pero, en xeral, incorpora moitas máis voces novas cás que colle emprastadas deles. A comparación entre as obras de Cuveiro e Valladares demostra que o vocabulario que comparten é aproximadamente un terzo do rexistrado por Cuveiro ou unha cuarta parte do total que aparece en Valladares.

A adopción do vocabulario emprastado non é sempre acrítico nin totalmente aleatorio, senón que tende a rexerse polos mesmos criterios que guían a adecuación do resto do léxico recollido ou introducido por diversos medios. En primeiro lugar, a adaptación á peculiar ortografía de Valladares, en particular no que atingue ó rexeitamento da representación da gheada e do seseo explosivo, como se observa nas entradas aparentemente tiradas de Mirás. En segundo lugar, desbotando a incorporación de topónimos (incluídos por exemplo en Rodríguez) pero, curiosamente, non a de antropónimos, que se acrecenta considerablemente e constitúe unha interesante achega de carácter antropolóxico. En terceiro lugar, rexeitando palabras antigas ou supostamente anticuadas ou obsoletas, que constitúen unha das prioridades de Cuveiro. Se cómpre caracterizar dalgún xeito o tipo de léxico predominante na obra, o primeiro trazo que debe ser resaltado é o da súa procedencia popular. Valladares é o gran rexistrador do galego vivo da segunda metade do século XIX. Segundo el mesmo nos indica, comeza a compilación en 1850, ten o dicionario case listo en 1869, retómao en 1876, amécelle un suplemento ó corpo principal cando o publica en 1884 e deixa inéditos varios apéndices e cadernos manuscritos datados en 1893, 1896 e 1902, que só foron publicados postumamente. A papeletización de obras anteriores, con ser relativamente importante dentro da estrutura da obra, é sen dúbida secundaria ó labor de expansión da obra, na que a recollida e definición de vocabulario coloquial e popular, apañado directamente das voces dos seus informantes, foron tarefas primordiais. Nas 58 primeiras entradas da letra V só 15 coinciden coas contidas no mesmo treito de Cuveiro, o seu inmediato precursor.

Tal e como se infire do vocabulario que documenta, Valladares non amosa reticencias con relación ó rexistro popular e familiar das súas fontes orais. O seu galego de raíces populares é principalmente o galego ordinario que falan os labregos das terras do Ulla, as xentes de Santiago e Pontevedra (as dúas cidades ligadas á súa vida), e o que rexistran algúns dos seus correspondentes noutras partes de Galicia, coma Laverde Ruíz (no caso do *Diccionario*, Lugo e Santiago) ou Leiras Pulpeiro, Amador Montenegro e Manuel Pardo Becerra (no caso do *Nuevo Suplemento*, Mondoñedo e Lugo). Tampouco demostra os prexuízos de dicionaristas anteriores con respecto a integración do vocabulario compartido co castelán, fose ou non naqueles unha decisión metodolóxica apropiada ós seus obxectivos. No treito examinado, Valladares utiliza 9 veces (en 58 entradas) a abreviatura “com.” coa que indica igualdade de forma e significado co castelán. Aínda así, a lingua popular e espontánea rexistrada por Valladares resulta “naturalmente” diferente do español estándar (que tiña pouca presenza na Galicia do XIX), sen que haxa que identificala transmitida por mediación dun criterio

“diferencialista”, coma o que dominará a linguaxe literaria da época Nós (a cal, pola contra, si pode estar influída por esta obra).

A grafía con que se inscriben as voces introducidas no *Diccionario* si que forma parte, pola contra, da súa caracterización e especificidade formal. O máis rechamante é o contraste que se observa entre a ordenación gráfica que pretende establecer a través da súa ortografía coa despreocupación por xerarquizar de maneira clara as moitas variantes morfémicas que rexistra a través da remisión dos lemas ou dalgún outro procedemento gráfico. En harmonía coa proposta ortográfica que máis tarde defenderá en artigos e na súa obra *Elementos de Gramática Gallega* (1892) fai uso das tres grafías problemáticas <g, j, x> para o /ʃ/, guiándose normalmente do español antes ca da etimoloxía, aínda que mostrando unha certa preferencia por <j> cando non recolle a palabra dos seus predecesores ou cando debe elixir entre as opcións que eles permitían. O signo diacrítico sobre o <g> e o <j> só pretende favorecer a lectura de usuarios bilingües. No uso das grafías <h> e <b/v>, inmotivadas foneticamente, a pesar de corresponderse xeralmente coas do étimo latino, segue igualmente a ortografía do castelán, salvo nuns cantos casos en que non existen parónimos ou equivalentes formais próximos en castelán. É tamén peculiar da ortografía do *Diccionario* a regularización ocasional da secuencia silábica <za, ze, zi, zo, zu> no caso de certas familias e analoxías léxicas. Máis relevancia, por separarse dos dous dicionarios anteriores, é a representación con bastante sistematicidade do timbre das vogais abertas. Con ese obxecto, Valladares sérvese de dous tipos de acentos: o grave, para sinalar a abertura da vogal tónica ou pretónica; e o agudo, para marcar o acento de intensidade, o que implica o emprego por veces de dous acentos diferentes nunha mesma palabra. Canto ó uso do acento de intensidade, aparece rexido polas vicisitudes das regras ortográficas vacilantes do español. O máis característico é a non acentuación das palabras agudas rematadas en -n ou -s, seguindo a práctica habitual no castelán ata a edición da *Gramática* académica de 1880. Nas semiesdrúxulas vacila entre acentualas ou non, nunha proporción de 10 a 5 na secuencia examinada.

En termos comerciais, a propia edición e o deseño tipográfico usado en virtude da organización máis complexa dos artigos fixeron do *Diccionario Gallego-Castellano* unha obra visualmente atractiva e relativamente popular, tal e como era a intención formulada polo autor. Vendíase ó prezo de 8 pesetas, 2 máis do que custaba o dicionario galego anterior.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (1970): “Menéndez Pelayo e o *Diccionario Galego* de Marcial Valladares”. *El Progreso*. Lugo, 21/6/1970. [Reprod. en X. Alonso Montero, *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*. Madrid: Akal, 1981, pp. 97-100].
- Álvarez Insua, Waldo (1884): “Reseña del *Diccionario Gallego*”. *El Eco de Galicia*. A Habana, 14/12/1884.

- Carballo Calero, Ricardo (1970): *O señor de Vilancosta. Loubanza de don Marcial Valladares Núñez no Día das Letras Galegas*. Santiago: Universidade.
- Cuveiro Piñol, Juan (1876): *Diccionario gallego. El más Completo en Términos y Acepcciones de Todo lo publicado hasta el Día, con las Voces Antiguas que Figuran en Códices, Escrituras y Documentos Antiguos, Términos Familiares y Vulgares y su Pronunciación*. Pontevedra: Establecimiento Tipográfico de N. Ramirez y C^a.
- El Libredón* (1884): *Diccionario Gallego más completo hasta el día. Prospecto*. Santiago, 3/1/1884.
- Fernández Salgado, Benigno (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principio do século XX (1913-1936)*. Verba, anexo 47. Santiago: Universidade.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2002): *Marcial Valladares (1821-1903). Lingua, Literatura e Folclore*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. [Versión en CD-Rom, Santiago: Universidade.]
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2004): "As citas de autor no *Diccionario* de Marcial Valladares". En R. Álvarez e A. Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 237-257.
- García Ares, Maricarme (ed.) (s.d.): *Nuevo suplemento al diccionario gallego-castellano publicado en 1884 por Dn. M.V.N. Cadernos de lingua*, anexo 4. A Coruña: Real Academia Galega.
- Grimm, Jacob e Grimm, Wilhelm (1854): *Deutsches Wörterbuch*. Leipzig: Verlag von S. Hirzel.
- González Orejón, C. (2000): "Coincidencias entre o diccionario de Valladares e o diccionario da Real Academia Española". En D. Kremer (ed.), *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Sada / Trier: do Castro / Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier, 1999, t. I, pp. 63-68.
- Hermida, Carme (1987): "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]. *Grial*, 97. Vigo: Galaxia, pp. 299-316.
- Landau, Sidney I. (1984) [1991]: *Dictionaires. The Art and Craft of Lexicography*. Cambridge / New York / Melbourne / Sydney: Cambridge University Press.
- Mariño Paz, Ramón (1991): *Estudio ortográfico, fonético e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego*. Tese de doutoramento inédita. Universidade de Santiago.
- Martínez de Sousa, José (1985): *Diccionario de ortografía*. Madrid: Anaya.
- Mirás, Francisco (1864): *Compêndio de Gramática Gallega-Castellana*. Santiago: Establec. Tipográfico de Manuel Mirás.
- Menéndez Pelayo, Marcelino (1956): "Diccionario Gallego-Castellano, por don Marcial Valladares y Núñez". *Obras Completas, edicion nacional. Varia*, t. II. Madrid: CSIC, pp. 182-185.
- Murray, James A. H. et al. (eds.) (1884-1928): *A New English Dictionary on Historical Principles*. Oxford University Press.
- Neira, Marga e Riveiro, Xesús (eds.) (s.d.): *Vocabulario gallego-castellano por Juan Manuel Pintos. Cadernos de lingua*, anexo 5. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pensado, José Luís (1976): *Contribución á la crítica de la lexicografía gallega: El Diccionario Gallego Castellano de F.J. Rodríguez y su Repercusión en la Lexicografía Gallega*. Salamanca: Universidad.

- Rodríguez, Francisco Javier (1863): *Diccionario Gallego-Castellano*. A Coruña: La Galicia. Imp. del Hospicio Provincial.
- Sánchez Palomino, M. Dolores (1999): "Ideas que sustentan a elaboración do dicionario de Valladares". *Cadernos de Lingua*, 20. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 5-28.
- Santamarina, Antón (1974): "Diccionarios". *Gran Enciclopedia Gallega*, t. IX. Santiago/Gijón: Silverio Cañada, pp. 90-92.
- Santamarina, Antón (2000): *Diccionario de Diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Soto Campos, J. (1877): "Diccionario gallego". *El Heraldo Gallego*. Ourense, 10/10/1877, pp. 146-147; 15/10/1877, pp. 153-154; 30/10/1877, pp. 176-177; 25/11/1877, pp. 208-209; 5/12/1877, pp. 223-224. [Reprod. en C. Hermida, *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. *Escolma de textos*. Santiago: Consello da Cultura, 1992, pp. 165-173].
- Soto Campos, J. (1884): "Dos palabras sobre un nuevo libro". Los sábados de *El Anunciador*, Pontevedra. [Reprod. en C. Hermida, *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. *Escolma de textos*. Santiago: Consello da Cultura, 1992, pp. 251-253].
- Valladares Núñez, Marcial (1879): "Del apóstrofo en la escritura gallega". *La Ilustración Gallega y Asturiana*, t. I, 11. Madrid, pp. 123-124.
- Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago: Biblioteca El Libredón, Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central. [Existe unha segunda reimpresión do mesmo ano, Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central].
- Valladares Núñez, Marcial (1888a): "Escritura gallega", *Galicia. Revista Regional*. t. II. A Coruña, 6/1888, pp. 267-270.
- Valladares Núñez, Marcial (1888b): "Una reflexión". *Galicia. Revista Regional*, t. II. A Coruña, 8/1888, pp. 397-399.
- Valladares Núñez, Marcial [1892] (1970): *Elementos de Gramática Gallega*. Vigo: Fundación Penzol / Editorial Galaxia.

APÉNDICE

Reproducimos a seguir o “Prospecto”, datado do 3 de xaneiro de 1884, que, como publicidade do *Diccionario Gallego-Castellano*, a redacción de *El Libredón* repartiu co exemplar do 22 de xaneiro de 1884 e do que se fixeron eco outras redaccións, coma *El Censor* de Betanzos (26/1/1884), *Galicia Diplomática* (4/2/1884) ou *El Eco de Galicia* da Habana (9/3/1884).

DICCIONARIO GALLEGO MÁIS COMPLETO HASTA EL DÍA PROSPECTO

Próxima a terminarse la publicación de la notable obra del P. Estella, reproducida con rigorosa exactitud en el folletín de *El Libredón*, hemos conseguido permiso del académico correspondiente de la Real Academia española y muy conocido escritor gallego, Sr. D. Marcial Valladares, para imprimir en folletín primeramente y hacer despues unha lujosa tirada del *Diccionario Gallego*, erudito trabajo al que consagró sus desvelos durante muchos años aquel distinguido hijo de Galicia.

Gracias á los afanes de nuestros literatos más ilustres y á los trabajos lingüísticos tan generalizados hoy entre los sábios, especialmente en la docta Alemania, renace con calor la afición al estudio de las lenguas y dialectos antiguos; y por fortuna, estímase ya como elemento de general cultura el estudio de las lenguas sábias, no ménos que el de los idiomas que se hablan en aquellas naciones, que han obtenido la primacia del saber.

Participan de este afortunado movimiento los dialectos y lenguas regionales, entre las cuales ocupa la gallega uno de los primeros lugares por su respetable antigüedad y especiales condiciones para la versificación; y sería imperdonable no secundar y aun contener en justos límites esta vertiginosa afición al cultivo de nuestro propio idioma, quizá precursor de más feliz época para este país. Porque es ley general, que la pureza y perfección de las lenguas y su legítimo progreso corresponden á las épocas de mayor prosperidad y grandeza de los pueblos.

La variedad de las voces usadas en las pronuncias gallegas, la necesidad de apreciar su propio significado en la lengua de Castilla, sus aplicaciones á ciertos útiles conocimientos, y el entusiasmo cada vez mas creciente que entre los escritores gallegos se observa, justifican la publicación de este *Diccionario* que contiene de 11 a 12.000 voces, número muy superior al que aparece en las colecciones de vocablos que hasta ahora han servido de guía á los aficionados á esta clase de ensayos. La utilidad de esta obra aparece desde luego por los motivos indicados, pudiendo añadirse que su interés no será exclusivamente regional, dados los trabajos verificados por la Academia española para la reproducción de las cantigas del Rey Sabio, y los numerosos pedidos que de la Gramatica gallega del doctísimo y malogrado sacerdote Sr. Saco Arce se hicieron desde Alemania y nuestras antiguas colonias americanas.

Es la empresa que acometemos útil y patriótica; esperamos por lo tanto el poderoso concurso de cuantos se mueven en favor de los intereses de esta región, cuya dulcísima lengua es admiracion y envidia de los extraños. Aníma, más y más nuestros propósitos el observar la solícita y entusiasta actitud de Cataluña, Asturias, las Provincias Vascas y Valencia, apercibiéndose todas al estudio y desarrollo de sus idiomas ó dialectos, muy inferiores algunos, á la rica, sonora y antiquísima lengua gallega. De la protección de nuestros suscritores y el entusiasmo con que atienden siempre las glorias pátrias,

esperamos el necesario concurso para esta empresa que acometemos con toda decisión, confiados en la importancia de la obra y en el interés que inspira cuanto se relaciona con las glorias de Galicia.

Condiciones de la publicación.

1º) Esta publicación, que comenzará á principios del próximo Febrero, formará un tomo de 500 a 600 páginas impresas con escogidos y variados caracteres.

2º) Los que se suscriban a El Libredón durante todo el mes de febrero, tendrán derecho á que se les envíen los folletines publicados durante dicho mes.

3º) Los suscritores que manifiesten en el término de 15 días en la Peninsula y 60 en Ultramar, que se les han extraviado números en correos, recibirán los ejemplares que no hubiesen llegado á su poder.

4º) El precio de los ejemplares del Diccionario despues de publicado en El Libredon será proporcionado al importe de la suscripción del periódico, que cuesta 14 reales cada trimestre, durante el tiempo necesario para su publicación, recibiendo así los que ahora se suscriban á aquel, la ventaja de que pueden adquirir un libro notable sin hacer más desembolso que la suscripción ordinaria.

5º) La empresa se propone hacer la tirada del Diccionario Gallego en las mejores condiciones posibles, para que esta obra, de inmensa utilidad para Galicia, corresponda en los pormenores de la ejecución al laudable pensamiento dela autor.

Santiago, 3 de Enero de 1884.

La Redacción y Administración de El Libredon.